

# ARDENTIA

Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial Nº1 9 €


## O PATRIMONIO INMATERIAL

ESPECIAL DOUARNENEZ 2004





# ARDENTÍA



O PATRIMONIO INMATERIAL

# SUMARIO

- Páx. 3 *Collendo Corso*  
Xaquim Cuíñas
- Páx. 4 *Atalaia*  
Luis Rei
- Páx. 6 *Homenaxe aos Náufragos do “Bahía”*
- Páx. 8 *Expedición a Douarnenez*
- Páx. 12 *Un Patrimonio Común Galego-Portugués.*  
“Ponte ... nas Ondas”
- Páx. 15 *Mãos do Mar*  
Ivone Magalhães
- Páx. 20 *Alimentación, Simboloxía e Identidade*  
Martina Betanzos Baúlo
- Páx. 23 *Imaxinario do Miño*  
Xosé Manuel Vázquez Rodríguez
- Páx. 27 *Xoaquín Lourenzo e a Cultura Marítima*  
Emilio Xosé Ínsua
- Páx. 33 *Estaleiros Navais Artesanais de Madeira do Norte de Portugal*  
João Baptista
- Páx. 40 *Entrevista a Ramón Senande (Moncho da Maestra)*  
Asociación Cultural “Canle” de Lira
- Páx. 47 *Andisías e Rutias: Mar de Mar e Mar de Vento ...*  
Francisco Fernández Rei
- Páx. 53 *Memorias de Mar e Cebola*  
Manuel P. Rúa
- Páx. 60 *¿Por que en Beiramar Herdan a Casa as Mulleres?*  
Xosé Ramón Mariño Ferro
- Páx. 62 *Breves Apuntamentos sobre a Especificidade do Home de Mar*  
Francisco Calo Lourido
- Páx. 66 *Morfoloxía e Análise do Sistema Folclórico Tradicional en Galicia*  
Alberto Barreiro Docampo. “Warren”
- Páx. 70 *A Sociabilidade Mariñeira*  
Dionisio Pereira
- Páx. 77 *Pintores do Mar: Eduardo Baamonde*

Ardentía  
Xullo 2004

Edita: Federeción Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.// fgcmfgalicia@mixmail.com

Coordinación: Luis Rei

Maquetación: Ramón Díaz e Gráficas Salnés

Logos: Eduardo Baamonde e Xoaquín Lourenzo

Imprime: Gráficas Salnés

Patrocina: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Fotografías: Ramón Dimas, Salvador de Sas, Tono Arias, Anita Conti, Ruth Matilda Anderson, José Suárez, Bellver, Rainiero Fernández, Adela Leiro, Pedro Ferrer, João Baptista, Xacobe Meléndrez, Maribel Longueira.

Proibida a reprodución sen o consentimento dos autores.

Agradecimentos: Didier Maurice Albert Raillot, Soledad Fernández, Mónica Febrero, David González, M<sup>a</sup> Xesús López.

Dep. Legal: PO-295/04

## COLLENDO CORSO

O Patrimonio Inmaterial ben podería considerarse a parte invisible dun todo, a cara que non se ve, coma obra viva somerxida na memoria. Sempre discreto, con coidado de non asomar por riba da liña de flotación da cultura conservada dende os tempos da salga, do afumado e o escabeche. A uns deixáronlles leiras, a outros barcos e a uns poucos un fato de plantillas e medios-cascos e unhas nocións sobre o emprego das ferramentas dos carpinteiros de ribeira, dos cesteiros, redeiros..., e a todos, a necesidade que prende o facho do enxeño. Nós, a Federación, tamén xurdimos da necesidade, de ver o estrago dos barcos na area, de tanta éxtase pola desfeita. Traballamos e medramos, e agora estamos a aprender a ver que na mirada de moitos vellos calados agóchanse plantillas, cuartas, moldes e patróns, .... que a Ardentía non nos cegue, e que sexa o facho que nos alume o que aínda non vimos.

*Le Patrimoine Immatériel bien pourrait être considéré la partie invisible d'un tout, la face qui n'est pas vue, en tant que oeuvre vive submergée dans la mémoire. Toujours discret, en prenant soin de ne pas se montrer au-dessus de la ligne de flottation de la culture conservée depuis les temps de la salaison, du fumage, de la marinade. Quelques-uns ont hérité des terres, d'autres, des bateaux et pas beaucoup d'entre eux ont regu un tas d'épures et morceaux de coques avec quelques notions sur l'emploi des outils des charpentiers de rivage, des vanniers des fabricants de filets mais en fait, tous besogneux de la lumière du talent. Nous, la Fédération, sommes aussi nés de la nécessité, lorsqu'on a vu les ravages des navires dans le sable, de tant d'extase par la catastrophe. Nous avons bossé et grandi, et maintenant on est en train d'apprendre à se rendre compte que dans le regard de beaucoup de vieillards, on peut trouver des modèles, quarts, moules... que "l'Ardentia" ne nous aveugle pas, et qu'elle est la soit qui nous illumine et que nous n'avons pas encore vue.*

Xaquim Cuññas

Presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

## RAMÓN DIMAS



R. Dimas

*Ramón Dimas é o autor da fotografía de portada e da maioría das fotografías impresas a toda páxina neste primeiro número de "Ardentia". O traballo deste fotógrafo, moi especialmente o contido no libro "Galicia", con textos de Carlos Martínez-Barbeito e editado por "Destino" en 1956, constituíu unha aportación trascendental para o recoñecemento e posta en valor da cultura marítima e fluvial no noso país.*

*Ramón Dimas. Ramón Dimas est l'auteur de la photographie de la couverture et de la plupart de photographies imprimées à toute page dans ce premier numéro d'Ardentia. Le travail de ce photographe, notamment celui qui apparaît dans le livre "Galicia", publié par la maison d'édition "Destino" en 1956, a constitué une contribution transcendante pour la reconnaissance de la culture maritime et fluviale dans notre pays,*



Prezado/a lector/a:  
Nace "Ardentía" coa idea de ser merecente da honra e do repto que supón tal nome, que segundo o dicionario da Real Academia Galega significa "Fosforescencia ou luminosidade das

augas mariñas, producida polos movementos dos peixes ou doutros organismos que habitan nelas" ¡Quen nos dera ser quen de tirar luz da nosa condición de moradores e amadores das augas !

Non é "Ardentía" a primeira publicación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial: revistas dos Encontros de Embarcacións Tradicionais, a publicación "O patrimonio marítimo de Galicia", o boletín "O Apupo" e o suplemento "A todo filispín". "Ardentía" quere ser a publicación de divulgación cultural e científica da Federación e pretende unha periodicidade semestral e un formato adecuado e coherente con ese fin. Non ignoramos as innúmeras dificultades que nos agardan pero tamén sabemos das capacidades dun colectivo cada vez máis extenso e máis consciente das propias posibilidades.

## "Douarnenez"

Coincide a publicación deste primeiro número cos preparativos da expedición da FGCMF ao Encontros de Embarcacións Tradicionais de Douarnenez, un punto de referencia obrigada para as persoas que en Europa laboran e desfrutan da cultura marítima. Esta revista será a principal carta de presentación da nosa embaixada na Bretaña, por iso algúns artigos van verquidos ao francés e todos levan unha reseña nese idioma.

Temos a vontade (a capacidade xa se irá vendo) de nos facer entender en todo o mundo a través de traducións na Web da FGCMF . Desexamos que as traducións deste número sexan un ensaio de máis ambiciosos planos de futuro.

A presenza de artigos en portugués é outra cousa. Dentro da Federación partillan traballo e ilusións diversos colectivos do norte de Portugal.

A colaboración entre os confederados das dúas bandas do Miño é tan fluída como necesaria. A presenza da grafía portuguesa é, polo mesmo, simplemente natural.

## "O patrimonio inmaterial"

A Asociación Cultural e Pedagóxica "Ponte... nas Ondas" impulsou a presentación da candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués na UNESCO para a 3ª proclamación das Obras Mestras do Patrimonio Inmaterial, que terá lugar en 2005. A Federación forma parte da Comisión Promotora da Candidatura. Este é o motivo de que dediquemos este primeiro número ao patrimonio non tanxíbel da cultura marítima e fluvial.

Moitos aspectos do patrimonio inmaterial ficaron fóra do noso sumario. Era imposible para nós abranxer a inmensidade deste ben común transfronteirizo. Somos conscientes das nosas eivas e prometemos que no futuro se irán resolvendo. Ficamos comprometidos con esa tarefa.

## "O Bahía"

Cando estamos fechando a edición de "Ardentía" ollamos como, máis unha vez, o mar leva a vida de dez mariñeiros na Costa da Morte. Para os que desexamos unha cultura marítima "viva", a morte destes dez heróis do mar déixanos unha grande dor e un inmenso baleiro. Saiban as familias que contan coa solidariedade e o afecto da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Para que non se esqueza que os naufraxios seguen a ser unha terríbel e frecuente realidade, e como sentido contributo de homenaxe aos mariñeiros de "O Bahía", publicamos un formoso poema de Ramón Cabanillas intitulado "Mariñeira".

*Luís Rei*





# LA TOUR DE GUET

Cher lecteur et chère lectrice:

“Ardentía” naît avec l’idée d’être digne de l’honneur et du défi que suppose un nom, qui d’après le dictionnaire de la Royale Accadémie Galicienne signifie “Phosphorescence ou luminosité des eaux marines, produite par les mouvements des poissons et d’autres organismes qui y habitent”. Pourvu que nous réussissions à tirer profit de notre condition d’habitants et de passionnés des eaux!

Ce n’est pas “Ardentía” la première publication de la Fédération Galicienne pour la culture maritime et fluviale, il y en a d’autres; des magazines des Rencontres d’embarcations traditionnelles, la publication “Le patrimoine maritime de la Galice”, le bulletin “O Apupo” et le magazine “A todo filispín”. “Ardentía” tient à être la publication de vulgarisation culturelle et scientifique de la Fédération et vise à avoir une périodicité semestrielle et un format approprié et cohérent avec ce but. Nous n’ignorons pas les nombreuses difficultés qui nous attendent mais nous connaissons aussi les capacités d’une collectivité de plus en plus grande et de plus en plus consciente de ses possibilités.

## “Douarnenez”

La publication de ce premier exemplaire coïncide avec les préparatifs de l’expédition de la FGCMF aux Rencontres d’Embarcations Traditionnelles de Douarnenez, un point de repère obligé pour ceux qui en Europe travaillent et sont passionnés de la culture maritime. Ce magazine servira de présentation de notre ambassade en Bretagne, c’est pourquoi que certains articles et certains extraits sont traduits au français.

Nous avons bien l’intention, dans la mesure de nos possibilités, de nous faire entendre dans tout le monde, d’arriver à tous les coins de notre planète à travers le site de la FGCMF. Nous souhaitons que les

traductions de cet exemplaire, soient considérées comme un petit exemple d’autres plans bien plus ambitieux pour le futur.

La présence d’articles en portugais c’est une autre question. Dans la Fédération, divers collectifs du Nord du Portugal partagent travail et illusions avec nous. La collaboration entre les partenaires des deux rives du fleuve Miño est aussi souple que nécessaire. Ceci dit, la présence de la graphie portugaise devient tout à fait naturelle.

## “Le patrimoine immatériel”

L’Association Culturelle et Pédagogique “Ponte... nas Ondas” a poussé la présentation de la candidature du patrimoine immatériel galicien-portugais à l’UNESCO, pour la troisième acclamation des Chefs d’oeuvre du Patrimoine Immatériel qui aura lieu en 2005. La Fédération fait partie de la Délégation d’appui de la Candidature. C’est ainsi donc que nous consacrons ce premier magazine au patrimoine immatériel de la culture maritime et fluviale.

Beaucoup d’aspects du patrimoine immatériel ne sont pas inscrits dans notre sommaire, car c’était impossible pour nous de saisir l’immensité de ce bien commun. Nous sommes conscients de nos problèmes et nous promettons que petit à petit on les résoudra. On reste donc engagés dans cette tâche.

## “Le Bahía”

Au moment où nous fermons l’édition de “Ardentía”, nous voyons comme, une fois de plus, la mer prend la vie de dix marins, dans la Côte de la Mort. Pour nous, qui désirons une culture maritime “vivante”, la mort de ces dix héros de la mer produit chez nous une grande douleur et laisse un énorme vide. Nous envoyons d’ici un message de solidarité et d’affectivité de la Fédération Galicienne pour la Culture Maritime et Fluviale aux familles des naufragés.

Afin qu’on n’oublie pas que les naufragés continuent à être une affreuse et fréquente réalité et comme un triste hommage aux marins de “O Bahía” nous publions un beau poème de Ramón Cabanillas intitulé “Mariñeira”.

*Luís Rei*



# **HOMENAXE AOS NAÚFRAGOS DO BAHÍA**

## **2-6-2004**

### *MARIÑEIRA*

*Leste duro*

*Mar bravo.*

*Curiscadas da choiva.*

*A noite vai rubindo  
cabaleira na sombra.*

*As fortes ás tendidas,  
inquedadas, sin rumbo, silenzosas,  
levadas polo vento  
déixanse ir as gaivotas.*

*Salseada e batida das escumas,  
de lombo en lombo das hinchadas olas,  
a vela a catro rizo, bolinando,  
coa quilla ó descuberto, vai a dorna!*

*A dorniña pulpeira  
durmirá mar afora...*

*O patrón, unha man aferrollada  
na caña do timón, outra na escota,  
leva os ollos chantados  
nos cons ergueitos da lonxana costa.*

*Ferve o mar. Brua o vento...*

*¡Probe da dorna!*

*Un refacho asubiante  
abate a verga e tronza o palo, as cordas  
estalan, e un instante ábrese a vela  
e cai a plan no mar...*

*Galgan as olas  
ouveando roncadas, como cans famentos  
en asalto dos cons...*

*¡Probe da dorna!*

**Ramón Cabanillas**  
**(1876-1959)**

O Bahía loitando contra a marea negra  
Foto: Salvador de Sas





Estampa de Alfonso Castelao para "O Bendito San Amaro" (1925)

## EXPEDICIÓN A DOUARNENEZ 2004



Nove barcos, dúas exposicións, artesáns de cestería e un autobús cheo de animosos “mariñeiros e

mariñeiras” da Galiza e norte de Portugal, esa é a composición básica da expedición da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial aos Encontros de Embarcacións Tradicionais de Dournenez, na Bretaña.

A FGCMF acode cada dous anos a esta cita (no 2000 fomos a delegación convidada de honra) porque intercambiar experiencias e coñecementos con xentes doutros mares é unha boa maneira de aprender e porque hoxe, en Europa, non hai mellor escaparate para amosar a riqueza do noso patrimonio marítimo.

As exposicións son: “O mar, o barco e máis nós. Dez anos de F.G.C.M” e “A cestería do mar e dos ríos”. A primeira divídese en dúas partes: primeiro conta a importancia do noso patrimonio marítimo e o nacemento dos primeiros colectivos de defensa dese patrimonio, despois vaise desenvolvendo a historia da Federación e dos colectivos que a conforman. A exposición sobre a cestería foi realizada polo mestre artesán “Toño” e ten a función de ilustrar o traballo de animación que dous cesteiros van realizar dentro do *stand* da FGCMF, elaborando, ao vivo, diversos materiais de cestería.

Do carácter lúdico e festeiro das xentes que viaxan á Douarnenez coa Federación xa saben algo os bretóns por visitas anteriores, pero agardamos que teñan ocasión de nos coñecer aínda mellor e de troulear un pouco coas nosas gaitas e pandeiretas.

Nas páxinas que seguen amosamos os barcos que viaxan a Dournenez e damos unha sucinta información sobre os seus datos técnicos e históricos.

*Deux expositions comprenant Neuf bateaux et plusieurs artisans en vannerie seront à l'honneur cette année. Un autobus accompagnants ces Marins artisans venu de Galice et du nord du Portugal qui mettrons a contributions leur savoir faire, ce qui seras la base de cette expéditions culturel organise par la fédération Galicienne de la culture maritime et fluviale. Qui favorise la rencontre de bateaux traditionnels de Douarnenez, en Bretagne.*

*La F.G.C.M.F. participe tout les deux ans à ce rendez-vous (en l'an 2000 nous avons été invite comme délégation d'honneur).*

*L'important pour nous et l'échange de nos expériences et de nos connaissances, avec des marins d'autre horizons ce qui est certainement la meilleur manière de communique notre savoir car aujourd'hui en Europe, il n'y a pas de meilleur vitrine pour montrer la richesse de notre patrimoine maritime.*

*Les expositions sont bien entendu dirigées vers “La mer, les bateaux et nous même, la fédération comptant dix années en vannerie traditionnelle “. La première exposition se divise en deux parties: la première comporte l'importance de notre patrimoine maritime et la naissance des premiers groupes de*

*défense de ce patrimoine, nous développerons ensuite l'histoire de la Fédération et des groupes qui la forment.*

*L'exposition de “la vannerie traditionnelle” a été effectuée par l'Université Populaire de Vigo et a pour fonction d'illustrer le travail d'animation que deux vanniers vont effectuer sur le stand de la F. G. C. M. F. en élaborant devant vous divers travaux de vannerie.*

*Ce caractère ludique est aussi un principe de fête pour les gens qui viennent à Douarnenez avec la fédération. Connaissant déjà beaucoup de chose sur les bretons de par nos visites précédentes, nous espérons leur offrir a notre tour une occasion de mieux nous connaître a travers nos cornemuses et nos chants traditionnels.*



*Tipo de embarcación / Type de bateau:*

## Lancha xeiteira

*Nome da embarcación / Nom du bateau:*

“Novo Marina”

*Propietario / Propriétaire:* Consellería de Pesca  
*Consellerie de Pêche*

*Zona / Zone:* Estendeuse por todo o litoral galego  
desde as costas de A Coruña até as Rías Baixas  
*Toute la Galice*

*Uso / Usage:* Pesca de sardiña.  
*Pêche a la Sardine*

*Artes de pesca:* Xeito

*Eslora / Longuer:* 8,18 m.

*Manga / Largueur:* 2,80 m.

*Puntal / Hauteur:* 0,80 m.

*Propulsión / Propulsion:* Vela de relinga, remos  
*Ralingue, rames*

*Construción / Construction:* A tope. Con dúas  
proas case simétricas.

*À bout. Avec deux proues presque symétriques*



*Tipo de embarcación / Type de bateau:*

## Bucetas

*Nome das embarcacións / Nom du bateau:*

“A Boureante”

“María A.D.”

*Propietario / Propriétaire:* Clube Mariño A Reiboia  
e Clube do Mar de Ferrol

*Zona / Zone:* Típicos de Carril (Ría de Arousa)

*Uso / Usage:* Pesca e marisqueo.

*Pêche de fruits de mer*

*Artes de pesca:* Liñas, raños, rastros.

*Lignes, perches et digons*

*Eslora / Longuer:* 5,05 m.

*Manga / Largueur:* 1,80 m.

*Puntal / Hauteur:* 0,60 m.

*Propulsión:* Vela de martelo ou de “ghaiteiro” e  
tamén de relinga. Remos. *Voile de marteau et*  
*aussi de ralingue. Rames*

*Construción / Construction:* A tope. *À bout*

**Tipo de embarcación / Type de bateau:**  
**Gamelas Coruxeiras**

**Nome da embarcación / Nom du bateau:**  
 “A Buxaina” e “Rula”

**Propietario / Propriétaire:** C.R.A.C de Coruxo  
 e Mar de Pedra de Cangas

**Zona / Zone:** É orixinaria de Coruxo e pódense ver desde Baiona ate Cangas.

*Il a son origine à Coruxo. On peut les voir de  
 Baiona jusqu’à Cangas*

**Uso / Usage:** Pesca de corda (palangre) e  
 nasas. *Pêche a la naze*

**Artes de pesca:** Liñas, nasas, palangre.  
*La ligne, a la naze, etc.*

**Eslora / Longuer:** 4,45 m.

**Manga / Largueur:** 1,70 m.

**Puntal / Hauteur :** 0,60 m.

**Propulsión:** Vela mística, remos.  
*Voile mystique, rame*

**Construción/ Construction:** Unha ou dúas  
 táboas, seis cadernas, un varadoiro en cada  
 costado e un central. Corredor estreito.

*Une ou deux planches, six chaînes, une défense  
 de chaque côté et une centrale. Couloir étroit.*



**Tipo de embarcación / Type de bateau:**  
**Dorna de tope**

**Nome da embarcación / Nom du bateau:**  
 “Muller de Balboas”

**Propietario / Propriétaire:** Clube Mariño Salnés.

**Zona / Zone:** Rías Baixas (no Salnés e na Barbanza)  
 Actualmente só se atopan en O Grove e Cambados  
*Rías Baixas (Salnés et Barbanza). Actuellement on  
 peut les voir à O Grove et Cambados*

**Uso / Usage:** Pesca e marisqueo de ostra e vieira.

*Pêche et ramassage d’huitres et coquilles Saint-Jacques*

**Artes de pesca:** Arrastre. *Traîne*

**Eslora / Longuer:** 5,10 m.

**Manga / Largueur:** 1,80 m.

**Puntal / Hauteur:** 0,60 m.

**Propulsión:** Vela de relinga, vela cangrexra, remos.

*Ralingue, voile brigantine, rames*

**Construción/ Construction :** A tope. *À bout*



**Tipo de embarcación / Type de bateau:**  
Gamela de Montedor

**Nome da embarcación / Nom du bateau:**  
“Nossa Senhora da Graça”

**Propietario / Propriétaire:** Associação Barcos do Norte.  
**Zona / Zone:** Embarcación típica de Carreço, ao norte de Viana do Castelo. *Portugal, Viana do Castelo.*

**Uso / Usage:** Esta réplica destínase á divulgación da cultura do mar como escola de vela tradicional  
*Une réplique pour enseigner la culture de la Mer*

**Eslora / Longuer:** 4,50

**Manga / Largueur:** 1,05

**Puntal / Hauteur :** 0,60

**Tipo de embarcación / Type de bateau:**  
Bote polbeiro

**Nome da embarcación / Nom du bateau:**  
“Os Galos”

**Propietario / Propriétaire:**

Asociación “Os Galos” de Bueu

**Zona / Zone:** Características do Morrazo

*Caractéristiques de Morrazo*

**Uso / Usage:** Pesca do polbo e pesca de corda

*Pêche au Poulpe*

**Artes de pesca:** Nasas polbeiras e liñas. *A la nase*

**Eslora / Longuer:** 4 m.

**Manga / Largueur:** 1,80 m.

**Puntal / Hauteur:** 0,65 m.

**Propulsión:** *Voile latine et mystique*

**Construción/ Construction :** *A tope. À bout*



**Tipo de embarcación / Classe de bateau:**  
Galeonciño

**Nome da embarcación / Nom du bateau:**  
“Casilda uno”

**Propietario / Propriétaire:** Asociación Sodináutica

**Uso / Usage:** Os galeóns foron o barco de transporte por excelencia das rías galegas, dedicándose ao transporte de cabotaxe de tellas, madeira, barro, etc.

*Les galions ont été les bateaux de transport par excellence dans les rias galiciennes, pour le transfert de cabotage de tuiles, bois, terre cuite, ...*

## UN PATRIMONIO COMÚN GALEGO-PORTUGUÉS

Asoc. "Ponte... nas ondas"



Foto Tono Arias

### “Le patrimoine immatériel”

*L'Association Culturelle et Pédagogique “Ponte... nas Ondas” a poussé la présentation de la candidature du patrimoine immatériel galicien-portugais à l'UNESCO, pour la troisième acclamation des Chefs d'oeuvre du Patrimoine Immatériel qui aura lieu en 2005. La Fédération fait partie de la Délégation d'appui de la Candidature. C'est ainsi donc que nous consacrons ce premier magazine au patrimoine immatériel de la culture maritime et fluviale.*

*Beaucoup d'aspects du patrimoine immatériel ne sont pas inscrits dans notre sommaire, car c'était impossible pour nous de saisir l'immensité de ce bien commun. Nous sommes conscients de nos problèmes et nous promettons que petit à petit on les résoudra. On reste donc engagés dans cette tâche.*

natureza pervive aínda en innumera-  
bles manifestacións que ciclica-  
mente teñen lugar predominate-  
mente no territorio da vella  
*Gallaecia*.

Onde se evidencia máis significati-  
vamente este nexo de unión é no  
conxunto das manifestacións vincu-  
ladas ao ciclo agrario e da natureza,  
que presentan unha unidade e unhas  
semellanzas que evidencian que  
esta cultura común mantivo unha  
comunicación efectiva e homoxé-  
nea, a pesar das circunstancias his-  
tóricas e mesmo dos poderes políti-  
cos.

O patrimonio inmaterial galego-portugués  
comprende un legado histórico común que  
permanece vivo aos dous lados da fronteira. Esta  
cultura común vinculada ao ciclo agrario e da

Na sociedade galega e portuguesa  
actual, en progreso constante de desagrarización e  
camiño da chamada "sociedade da información",  
pervive aínda na cultura común, que herdamos

como resultado dun pasado compartido, unha rica e variada tradición oral que se expresa aínda en numerosas manifestacións idénticas na súa forma lingüística. Estas manifestacións tiveron o seu esplendor na lírica medieval das cantigas dos xogres e trovadores cultivadas nunha lingua común: o galego-portugués.

Se temos en conta que esta sociedade era ata hai pouco tempo unha sociedade rural cun medio de vida dependente case exclusivamente da agricultura e da gandería, podemos supor que gran parte das manifestacións anteriormente sinaladas teñen unha referencia clara con todos os procesos agrícolas e cos seus traballos.

Do mesmo xeito, a presenza de civilizacións pre-cristiás deixou nesta parte do territorio unha forte pegada "animista" que o cristianismo conservou e adaptou. É así como aínda podemos observar ritos e manifestacións que presentan un sincretismo e un panteísmo produto desta cosmovisión deixada por poboacións ancestrais, afastadas no tempo.

Esta visión do mundo maniféstase durante os ciclos agrarios e da natureza e ten unha expresión común tanto en Galiza como en Portugal, fundamentalmente no norte.

A vitalidade desta cultura pervive aínda en boa parte do territorio e expresa a amálgama de percepcións e vivencias que as xentes foron vivindo no transcurso da historia. Esta concepción e filosofía da vida presenta unha unidade formal perfectamente delimitable e constatable. Por outro lado, constitúe un tesouro vivo dunha forma de vida e dunha percepción do mundo que

esmorece e que se transforma vertiginosamente.

Os elementos definidores desta vasta manifestación poden constatarase nos ritos, nas lendas, nas tradicións, no réxime comunitario, nas actividades productivas ( no mar, nos curros, nos labores agrícolas,...), nas crenzas, nos mitos, nos xogos, na ciencia popular ( meteoroloxía, medicina, botánica ), etc.

A expresión desta riqueza inmaterial realízase ciclicamente nos diferentes períodos da natureza: o Entroido, os Maios, o San Xoán, os Santos, o Nadal e o Aninovo, etc.

Festas en Malpica, 1930 c.a.



Exemplos deste patrimonio cultural cíclico podémoslos observar en actividades agro-estacionais ou de lecer como a matanza, a ceifa, a vendima, os fiadeiros, as regueifas, os entroidos, etc.

Cada unha destas actividades inclúe unha serie de ritos, símbolos, xogos e mitos. Desta maneira, tamén se relacionan co tema cíclico todas as crenzas e o acervo cultural vinculado coa cultura inmaterial popular.

A modo de exemplo, poderíamos citar: O culto polos mortos (Santos), O culto da Natureza (Maíos), as crenzas máxicas e sobrenaturais (San Xoán), e as lendas e mitoloxías relacionadas con cada unha destas celebracións.

Na cultura tradicional galego-portuguesa existe unha total conexión entre o mundo agrícola e o mariñeiro, de maneira que os propios mariñeiros ou as súas familias tamén se dedican a actividades agrarias.

Existen actividades comunitarias que teñen unha antiga orixe: no agro a explotación do monte comunal. No mar, a recolección de argazo para usos agrícolas, ou a pesca por arrastre con xugadas de bois. Manifestacións culturais como a

do "escabicheiro" ou "merdeiro" no Entroido de Vigo que representa ao campesiño que vai procurar o argazo á beira do mar. No marisqueo empréganse nomes propios do agro para moitas actividades, como a sementeira, a colleita, etc.

A cultura do mar está tamén en grande parte vinculada co desenvolvemento do ciclo agrario da natureza. Moitas das crenzas, celebracións e ritos deste posúen elementos esenciais relacionados co mundo mariñeiro, desde os de tipo gastronómico, como o polbo e o bacallao do ciclo de Nadal e as sardiñas do San Xoán, ata ritos relixiosos ou máxicos como as nove ondas da fertilidade que as mulleres practican polo San Xoán.

Sobre esta base común dun patrimonio cultural intanxible que sobreviviu indivisible a adversidades históricas e políticas, e que perdura aínda como unha marca de identidade, é posible actuar para que o que non conseguiu unha historia tormentosa e axitada non se sacrifique actualmente no proceso de uniformización e globalización que estamos a vivir e que fixo que noutras partes de Europa este ciclo agrario e da natureza fose esmorecendo ata a práctica desaparición.

Foto Tono Arias





## MAÕS DO MAR<sup>(1)</sup>

Ivone Magalhães

*En parcourant la côte, du nord au sud la culture maritime paraît se délayer au rythme vorace de nos jours. Même les moyens traditionnels de transmission des connaissances et des savoir-faire – interrompues la transmission orale et l’espérimentation, remplacés les vieux bancs de l’école et les bureaux des apprentis – seraient menacés de disparition, s’il n’y abati pas l’effort d’organismes, d’institutions et de personnes qui ont à la portée de la main le pouvoir de ne pas laisser perdre les traditions, qui ne sont en fin de compte que des manières de penser, de sentir et d’agir d’une époque que le temps historique a transformée.*

Percorrendo o litoral, de norte a sul, a cultura marítima parece diluir-se no ritmo voraz do nosso quotidiano. Até as formas tradicionais de transmissão de conhecimentos e saberes - interrompida a transmissão oral e a experimentação, substituídos os velhos bancos de escola e as oficinas dos aprendizes - estão ameaçadas de extinção, não fora o esforço de entidades, instituições e pessoas que teimam em não deixar perder as tradições, afinal modos de pensar, sentir e agir de uma época que o tempo histórico mudou.



Foto: José Suárez

Os grandes centros urbanos em expansão e as novas áreas habitacionais de veraneio parecem empurrar para a periferia e muitas vezes para longe da praia os antigos lugares de marítimos e pescadores, agora alvo da crescente especulação imobiliária.

As populações ribeirinhas parecem voltar cada vez mais as costas ao mar, mas se nos quedarmos um pouco mais, verificamos que em cada cidade ou aldeia com lugar piscatório, nesse sítio se vive a um ritmo diferente, se respira um cheiro característico à salitre e ao peixe e que nele ainda se continua a encontrar o sentido que lhe confere a sua memória histórica e o identifica na nossa paisagem cultural marítima.

Aqui é o falatório em voz alta e o linguajar carregado de palavrões, ali é o corre-corre das pessoas, levando em carrinhos de mão de um lado para o outro um sem número de pequenas coisas, como quem carrega a uma só vez o mundo inteiro feito de redes e cabos das artes para atar<sup>(2)</sup>, de tabuleiros de plástico (as modernas caixas do pescado), de cargas de gelo moído ou até de bidões de combustível para as pequenas embarcações que aguardam num cais, num areal, num molhe, numa rampa improvisada, próximo. São as pequenas descargas de peixe numa lota improvisada, clandestina, numa praia perdida e a sua rápida dis-

1. *Mãos do Mar* é o título original de um excerto sobre o mesmo tema publicado com o pseudónimo de Ivone Guimarães, in *As Idades do Mar*, revista editada pelo Instituto de Emprego e Formação Profissional em Julho de 1999 e apresentada na íntegra a propósito dos Encontros do Património de Vila do Conde em 2002. O texto que agora se promove é um resumo inspirado nesse original.

2. Remendar, consertar.

tribuição por homens e mulheres que o levam em automóveis para vender nos lugares vizinhos de rua em rua, porta em porta, anunciando-se com o som estridente do apitar repetido do veículo, a chamar compradores.

Acolá é a alegria das combinações bizarras das cores no seu vestuário, os homens de pés nus enfiados numa alpergatas<sup>(3)</sup> e as mulheres enfeitadas de lenço cochine<sup>(4)</sup> apanhado no carrapito do cabelo e, nas orelhas, grossas arrecadas de ouro ou libras a luzir, rematando no pescoço os cordões de três voltas.

São ainda o profano e o sagrado das suas manifestações de religiosidade e de fé, nas majestosas procissões onde os andores dos santos e santas padroeiros são vestidos de redes e muitas flores, nas romarias e arraiais de verão onde não falta a sardinha assada a pingar no pão e os canecos de vinho tinto. Esta é a nossa herança comum: uma paisagem cultural marítima que não tem fronteiras, debaixo do mesmo céu, respirando o mesmo ar, partilhando as mesmas águas.

Uma herança com a sua exclusiva relação com o mar e com o rio, que mantém viva a tradição da sua artesanaria, quer dizer, das suas manualidades, das coisas que fazem, das coisas que constroem ou reparam com as mãos.

O modo como começam e acabam essas coisas. Como buscam dentro de si o conhecimento, quer dizer, a experiência acumulada num modelo de movimentos repetidos numa aprendizagem desde meninos, inserido num saber que

lhes possibilita improvisar e desenvolver.

Um Saber feito de saberes: saber fazer, saber ser, saber estar. Saberes que possibilitam os comportamentos, os ritmos sociais, os ritmos de trabalho, individuais ou de grupo. E as mãos, que são o instrumento privilegiado deste Saber. As mãos dos homens e mulheres do litoral.



Mãos calejadas e fortes, mas capazes da destreza e da agilidade do pescador, empantando no anzol do espinhel atirando para o mar e com a madre<sup>(5)</sup> em movimento mais um toro de isco de sardinha, contando que este movimento entre a mão e o grande anzol não lhe leve um dedo ou a mão inteira, por distração. A mão de calafate a fazer tinir o martelo nas tábuas, a mão do carpinteiro de machado a esculpir uma quilha, a mão do redeiro a atar malhas onde cabem todos os sonhos do porvir, a mão experiente do Arrais<sup>(6)</sup> ou do barqueiro a quebrar a água.

E mãos de mulher, mais pequenas, capazes de embalar o berço, de arrumar a casa e mimar um filho, mãos de fazer renda, de fazer malha e meia e tapete, mãos de rolar nos dedos com agilidade única os bilros de rendilheira, mãos de andar ao remo e à ginga<sup>(7)</sup> nos barcos, de fazer e de atar redes, de entralhar as artes<sup>(8)</sup>, de escolher o peixe, contando uma a uma a espécie escorregadia, à dúzia, ao quarteirão, aos centos.

Mãos de contar dinheiro. Mãos de se erguerem em pranto ao céu numa oração muda pelos seus que lá vão numa volta de mar... para sempre. Mãos do mar.

3. Chinelos de pano ou couro, frequentemente ainda artesanais e com sola de pneu de automóvel.

4. Lenço quadrado, geralmente de 60 cm, em lã e seda, colorido, com ou sem uma pequena franja de 1 cm. Também dito "lenço chinês" (pela seda).

5. Linha principal do espinhel, também dito palangre ou "tróle". Arte de Anzol

6. Arrais: categoria profissional na pesca, corresponde ao mestre da embarcação.

7. Gingar: diz-se do movimento que se dá a uma embarcação usando um só remo na popa em o remador está a pé e confere pequenos movimentos circulares com a pá do remo na água, impulsionando assim o barco.

8. Colocar nas redes pesos ou bóias. As redes, conhecidas por artes ou peças, levam na parte superior flutuadores (bóias) e na parte inferior pesos (chumbos, normalmente).

Entretanto, se as mãos fixam as intenções, é a linguagem quem permite precisar os actos, o procedimento e a técnica do Saber destes saberes.

Linguagem profissional, cheia de segredos só revelados entre si. Linguagem técnica ou, simplesmente, as falas das gentes do mar.

Uma linguagem que parece ser a mesma de todos os dias e de todas as horas mas que tem significados e contornos de comunidade, de identidade: os falares dos Olhanenses, dos de Sines, dos de Setúbal, dos Avieiros, dos Nazarenos, dos Penicheiros, dos da Gafanha, dos Ilhavenses, dos Vileiros, dos Póveiros, dos de Apúlia, dos de Viana, dos de Âncora ou dos de Caminha, entre tantos outros... Todos os lugares têm uma forma de falar... São um falar com mais do que uma entoação. Não é só a musicalidade das palavras, o som que muda: são os segredos transmitidos de geração em geração que estão contidos nesse falar e que só alguns verdadeiramente percebem.

Um falar que diz como construir uma boa embarcação, onde estão os melhores pescueiros, as artes de pesca a utilizar em cada altura do ano, o perscrutar no céu o tempo de amanhã, como perceber se o mar dá peixe, um falar que contém os gestos e os ritos do namoro, do casamento ou do luto. Uma linguagem das vitórias ou das perdas. Uma linguagem que faz de cada objecto mais do

que uma intenção concretizada numa forma: que faz uma decisão.

O património destas comunidades é afinal um Saber feito de decisões. O homem fez-se para o mar e a mulher para a terra... depois o destino de cada um troca-lhe as voltas, pois é a habilidade e o gosto que ditam as ambições. A sociedade organiza-se em função dos sexos e às mulheres compete a educação das crianças, carregada de ancestralismos religiosos que culminam no figurado de anjinho que todos os meninos e meninas acabam por representar numa procissão ao lado da mãe, da tia ou da avó, no pagamento de promessa antiga. Mulheres profundamente crentes que vão à igreja de manhãzinha, regressando a casa para um dia de canseiras. As mais jovens ingressam entretanto na indústria que a jusante e a montante da pesca vai criando novos postos de trabalho. Mas não pedem os ritos ancestrais que herdaram das avós à roda do ano: as solenidades do Natal, da Páscoa e da Semana Santa, as procissões da padroeira e depois as festas menores, como a Comunhão das crianças, as Festas de Verão...

Mas é o homem a figura central do lar, sabiamente geridos os conflitos pelas mulheres, pois aqui o homem reina mas não governa: ainda são as mulheres quem administra o lar. Assim, compete ao homem trazer o dinheiro para casa, mas o principal factor económico de remuneração continua a ser uma proporção da receita da embarcação: pesca-se onde se quer, quando se quer e com quem se quer. Uma mobilidade e incerteza que condiciona estruturalmente a vida das populações marítimas.

As populações marítimas apresentam características sociais comuns que as tornam exemplarmente genuínas: no mar não há lugar a direitos de posse. É um recurso e não uma propriedade.

A vulnerabilidade das diversas técnicas extractivas (de captura) bem como as incertezas operacionais inerentes às instáveis condições de tempo e mar, fazem variar de indivíduo para indivíduo



Foto: Rainiero Fernández

as capacidades de produção. Logo o que garante o acesso aos recursos marinhos não é o direito mas a capacidade para os capturar. Por isso o papel mais importante cabe de facto ao homem. O que se decide e como, garantem o acesso a quem vai decidir. Assim, de pescador se passa a Arrais, e frequentemente, de empregado a empregador.

Acresce-se a esta capacidade de mudança o facto da incerteza ter sido nos últimos anos a principal característica, e onde há incerteza não há abundância ou no dizer do povo, *casa que não tem pão, todos ralham ninguém tem razão*.

Incerteza reforçada pelos maus anos financeiros de investimento nas pescas, amparado pelas leis de adesão à CEE, num esforço de Europa Comum, endinheirada, socialmente mais justa, tornando-se crescente o apelo dos ofícios estranhos à actividade piscatória, oferecendo condições de remuneração regulares e mais em conformidade com as necessidades e compromissos sociais da nossa actualidade.

A pesca pertence ao sector primário, junto com a agricultura e a mineração. Limita-se a fazer recolção da Natureza. Deste ponto de vista é uma actividade pré-tecnológica.

Na última década, os apoios à reconversão das frotas pesqueiras nacionais incidiram fortemente no sector (lei do abate para embarcações menores de 25 toneladas) conduzindo a uma redução no número das pequenas embarcações de boca-aberta (sem convés) sendo estas substituídas

nalguns casos por novas embarcações cujo aumento no tamanho e na arqueação (condição para terem melhores motores logo mais autonomia) levam em simultâneo a uma gradual redução de inscritos marítimos, porque estes novos barcos, de maior calado, obrigam a fundear em portos de maior capacidade, arrastando consigo a tripulação.

Como tradicionalmente era recrutada no porto de origem surge um problema: os pescadores preferem ficar na sua terra natal e recusam acompanhar a companhia<sup>9</sup>, gerando novos desequilíbrios<sup>10</sup>. Recrutam-se forasteiros e até estrangeiros. O mundo da pesca é um mundo em conflito com a modernidade.

Aos portinhos de pesca dos lugares das aldeias piscatórias, verdadeiros redutos da ancestralidade, resta-lhes a recuperação de actividades em declínio de reconhecida indispensabilidade. São-no porque traduzem e interpretam cada geração, logo o sedimento histórico que nos dá hoje a identidade que temos e que todos orgulhosamente mostramos, mesmo sem o sabermos. Mostramos até quando dizemos que somos naturais desta terra ou daquela outra. Pertencemos a algo maior do que nós próprios, algo que vem mesmo de antes de nós existirmos. Algo que parece que sempre lá esteve: a nossa raiz cultural.

Por isso como alternativa à extinção desse sedimento histórico, para nós tão importante, promovemos os conhecimentos dos homens e mulheres do mar, das suas paisagens, da sua artesanaria, da sua linguagem, dos seus gestos... por isso reconhecemos que são indispensáveis e promovemos a reconversão de profissionais para actividades alternativas, como a construção e reparação naval (casco, mecânica e frio).

Pelo mesmo motivo, incentivamos as actividades náutico-turísticas e apoiamos o turismo cultural, entusiastas dos valores do património marítimo -da arquitectura das aldeias e lugares piscatórios, da gas-



9. Tripulação.

10. Frequentemente embarcações do porto de Viana do Castelo e Esposende estão a operar em Peniche ou em Sines.

tronomia, das festas populares e religiosas, das embarcações tradicionais- que proporcionam à comunidade humana heterogênea do litoral, conhecimentos sobre a educação ambiental, a propósito do meio marinho e da relação notavelmente ecológica da pesca artesanal com o meio onde se processa, que hoje podem ser o futuro das pequenas comunidades sem meios de lucro intrinsecamente proveniente do mar.

As mãos, essas que toda a vida trabalharam, vão continuar teimosamente o seu destino.

Vão continuando a pescar, a remar, a carregar, a lavar, a vestir, a alimentar, a proporcionar abrigo e a dar conforto à família, vão continuar as preces e os mimos... abençoadas por Deus. Mãos do Mar



Foto: R. Dimas (Rianxo)

## ALIMENTACIÓN, SIMBOLOXÍA E IDENTIDADE

Martina Betanzos Baúlo

Ás miñas avoas. In Memoriam

*La principale protagoniste dans la cuisine était la femme, c'était elle qui s'occupait de tous les travaux qu'on y réalisait, faire le pain, cuisiner, faire la vaisselle,... La nourriture chez une famille maritime était surtout fondée sur le poisson, les calmars, les fruits de mer,... et bien sûr le pain et le vin ne pouvaient pas y manquer, ces deux derniers étant des aliments très énergétiques et calorifiques. Les marins, en rentrant chez eux après le travail dans la mer, séparaient toujours ce qu'ils appelaient "caldeirada" qui était un lot de poisson qu'ils apportaient à la maison pour l'y manger en famille. Les femmes allaient, elles aussi ramasser des coquillages sur les plages pour les manger, tel que raconte le dicton:*

*"De petites coques des bords de la côte, si quelqu'un vent en manger, il n'a qu'à y aller en chercher".*


A dentrámonos na historia cara a primeira metade do século XX, alá máis ou menos pola década dos anos corenta, despois de ter rematado a Guerra Civil Española, época, coma ben é sabido, de grandes dificultades económicas. A área xeográfica na que se desenvolven os feitos a relatar é a zona costeira da Comarca do Salnés, na Ría de Arousa. Neste marco, as vivendas tipicamente mariñeiras caracterizábanse por ser de construción moi humilde, é dicir, de pequenas dimensións e perfil sobrio. A cociña adoitaba estar na planta baixa ás veces compartindo espazo e os cortellos, onde se gardaban os porcós ou as galiñas durante a noite namentres que polo día se soltaban á rúa marcándoos cunha cinta dunha cor recoñecible polo dono para poder identificalos

A principal protagonista na cociña era a muller, ela realizaba tódolos traballos que aquí se

xeraban coma elabora-lo pan, cociñar, fregar... A alimentación na familia mariñeira era fundamentalmente a base de peixe, chopos, marisco... e non podía faltar o pan e o viño, estes últimos, alimentos moi enerxéticos e calóricos. Os mariñeiros, ó chegar a terra despois do traballo no mar, sempre apartaban a chamada "caldeirada", que era un lote de peixe que levaban para as súas casas e logo poder comer entre os seus. As mulleres tamén ían

recoller marisco nas praias para consumir, así dicía o dito: "*Birbirichiños da beira do mar, quen os queira que os vaia apañar*"..

O cocido tamén se consumía, aínda que menos. Algúns non o apreciaban moito, de aí a frase: "*Quen non quere caldo, sete cuncas*". O pan era moi valorado, quizáis pola grande influencia da cultura relixiosa. Este podía facerse na casa, e unha vez feita a masa na artesa, bendiciábase marcando coa man unha cruz





Rainiero Fernández

na masa e posteriormente, coa mesma, facíase o sinal da cruz sobre a masa tres veces dicindo: "La bendición de Dios Padre, la de Dios Hijo y la de Dios Espíritu Santo, Amén.", e dependendo de cómo se cocese tiñan un nome distinto; así había os "bolos do caldo", feitos de fariña milla e un pouco de auga do caldo e cocidos nel; despois había o "bolo do lar" que se cocía na lareira, unha vez quentada e varrida, sobre unhas follas de verdura lavadas e sobre a masa uns "testos das vieiras" (que eran as cunchas da parte superior deste marisco), e sobre elas púñanse pequenas cordas ou cachos de redes vellas a arder, para que se cocese por riba; logo había o pan que se facía no forno. Tamén había o chamado "pan da ración", era de cor morena (de mestura de fariñas) e podía ser de dúas formas: ou ben boliños pequenos que correspondían cada un a unha ración ou ben tratábase dun bolo grande que se partía en varios cachos e así se vendía previa presentación das "cartillas de racionamento" na Cofradía de Pescadores ou nas tendas. Logo apareceu o "pan dos reservistas", que era máis apreciado pois era un pan de cor branca, é dicir, de fariña de trigo, cun moño na parte superior e que vendían para dúas persoas; a ración deste pan era máis grande e con él desapareceu o "pan da ración". A partir de abril de 1953 aproximadamente, rematou o racio-

namento dos alimentos. Unha rondalla en Cambados polo entroido, ala polo 1970 dicía:

*"Os da pandilla do Pocho  
comemos pan da ración,  
e sí non nos dan pan blanco  
armamos revolución."*

No día de Defuntos, os rapaces ían "buscar o difuntiño" polas portas, e a xente dáballe un cacho de pan, espigas de millo..., algo de alimento. Nos enterros, despois de acompañar ó defunto cara ó camposanto e á súa familia cara á súa casa, esta ofrecía á xente pan e viño dicindo estas palabras: "Tomade un cachiño de pan e bebede viño pola alma de fulano de tal", palabras que nos recordan xestos da Última Cea de Xesús.

Os mariñeiros despois de vir do mar, pola mañá, ían xuntos tomar "as parvas", que consistía en tomar unha copa de caña en xexún.

Tamén se consumían as "sopas de cabalo cansado", que consistía en tomar pan mollado en viño, e recibiu este nome porque antigamente os cabalos facían traxectos moi longos cargados coas mercadorías para vender nos mercados da provincia e tiñan que repoñer as forzas en poucas horas para logo volver traballar.

A vida dos mariñeiros estaba cargada de abundante simbolismo relixioso, que se manifes-

taba a miúdo nos quefaceres cotiáns, e como non, nos alimentos que se consumían. Desta forma, pódese dicir que existía unha certa simbiose, un querer semellarse ós discípulos de Xesús na relixión católica, pois estes tamén eran pescadores e consumidores de peixe, segundo os relatos que se citan no Evanxeo.

Obsérvase unha certa ligazón entre o pan e o viño, alimento material, e o Pan e o Viño, ali-

mento espiritual. Este paralelismo, pronúnciase na gran de devoción relixiosa dos mariñeiros, así din: "*Con pan e viño ándase o camiño*", o camiño da vida e o camiño da salvación eterna. Nos recordos da miña primeira infancia, podo decatarme dos cadros que colgaban nas paredes dos comedores dalgunhas casas mariñeiras e que reflexaban a "Última Cea do Señor", presidindo a mesa familiar.



O Berbés. R. Dimas



## IMAXINARIO DO MIÑO

Xosé Manuel Vázquez Rodríguez

*Les fleuves ont été des endroits de passage, de soutien et de loisir pour la population des rives. Espace pour la relation entre les hommes, et de ceux-ci avec d'autres êtres avec lesquels ils partageaient le territoire et disputaient des valeurs morales. En rappelant certains traits de ces mondes-là reliés nous pourrons savoir un peu plus de notre héritage culturel.*

*Dans la relation des riverains sont marqués de différents groupements locaux. Les sobriquets, par contre, aident à créer l'identité propre ou à être nous-mêmes.*

Os ríos foron lugares de paso, sustento e lecer para a poboación das ribeiras. Espacio para a relación entre os homes, e destes con outros entes cos que compartían territorio e disputaban valores

morais. Ao lembrar algúns trazos daqueles mundos enlazados saberemos un pouco máis da nosa herdanza cultural.

Na relación dos ribeiros están marcadas diversas agrupacións locais. Os alcumes, por oposición, axudan a crear a identidade propia ou ser nós mesmos<sup>(1)</sup>. Así temos os berros que se dirixen no contexto festivo da colleita entre as dúas bandas do río Miño, das terras de Chantada ás de Lemos, onde os primeiros se recoñecen como papeiros fronte ós rabudos lemeses, a quen se lles di: "Ei, rabudos!". Semellantes foron os apodos recollidos arredor do Sil<sup>(2)</sup>. Para interpretalos non podemos esquecer a ofensa que noutro tempo puido significar ser considerado practicante do xudaísmo -antónimo de cristianismo-, así se afondamos nas tradicións galegas vemos como os xudeus de Galicia teñen rabo<sup>(3)</sup>, do mesmo xeito que etnógrafos de Portugal compilaron contos pexorativos referidos a ese pobo<sup>(4)</sup>.

Igualmente, na que hoxe é a Ribeira Sacra, eran designados como papeiros os de Nogueira de Ramuín, diante dos bicudos ou bolacheiros -por comer bola- da Peroxa. E seguindo o curso fluvial temos os rapaces de Santa Cruz de Arrabaldo que chaman polos de Quenlle como "os da bica asada", e estes contestaban con "os que botan as sardiñas á borralleira". E continuaban con: "Nós de aquí e



1. Etnógrafos da escola mitográfica e comparativista recomentan exploralos xa a finais do século XIX: Adolfo Coelho: *Obra Etnográfica. Vol. I. Festas, Costumes e outros materiais para uma etnologia de Portugal*, Lisboa, 1993 [artigo orixinal de 1883], pp. 175 e 176.

2. Xosé Manuel Vázquez Rodríguez: "A cultura do viño na Ribeira Sacra. Aproximación á identidade dunha área cultural e natural", en *Raigame*, número 14, Ourense, novembro de 2001, pp. 32 a 41.

3. Vicente Risco: *Obras completas-3*, Vigo, 1994 [ed. orixinal de 1962], p. 81.

4. Rocha Peixoto: *Etnografía portuguesa (Obra etnográfica completa)*, Lisboa, 1995 [artigo orixinal de 1908], p. 318.

vós de alá/métese o río no medio/somos tantos coma vós/nós matámolo burro/e coméstelo vós". Estas coplas non eran exclusivas das ribeiras<sup>5)</sup>, repetíndose nos entremeses do entroido de Macendo e outros lugares próximos. Cantilenas presentes tamén no primeiro tramo do Miño: "Os de Ombreiro mataron un burro/e os de Vilacendoi comérono crudo".

Os de Laias desafián aos de Barbantes cando recitan: "Os xudios da Barca/e os gíneros de Feá/mataron a virgen vella/ Jueves Santo á mañá". Lembran como os mozos pasaban pola coñeira -banco de cantos rodados- saltando os pozos do río, rematando con fortes pelexas. E xa en Castrelo de Miño, en pleno Ribeiro, fálannos da rivalidade con "os da roldana" -por aparentar e parecer señoritos- de Ventosela, fronte aos que "poñían a bica na ventana pra que lles durara sete semanas" de Castrelo. Exemplos de comunicación que sinalan as múltiples agrupacións ou identidades locais, que tamén foron anotadas noutros puntos de Galicia e de Portugal<sup>6)</sup>. A fronteira é resaltada con intensidade maior en tempos de cambio. Na memoria perduran acontecementos que relata o derradeiro barqueiro da Ribeira Sacra:

A Santa Inquisición era un partido, coma hoxe as izquerdas e dereitas... Sernande, Chouzán e esto [Ribeiras de Miño] eran os camiños de Santiago. A barca facía a travesía naquiles anos, entónces os dos partidos intervenían no tránsito do

río, metíanse nas barcas. Cando a Inquisición reinou e trunfaba ela, agarraron a barca e enchérona de pedras en Figueiredo [no río, anegada], hasta que cambiaron as cousas...

Sen prexulgar a exactitude da memoria colectiva, quedémonos coa esencia da crónica, pois os feitos xa foran apuntados para comezos do século XIX<sup>7)</sup> e repetíronse - neste caso o barqueiro é testemuña directa, non mero transmisor- en época recente<sup>8)</sup>, e tamén son lembrados nas beiras do Sil<sup>9)</sup>.

Contra o río que separa búscase unha ponte de unión. En Cela (Outeiro de Rei) había lugares onde os humanos atopaban axudas no paso do Miño, algunhas froito da participación de entes enredantes:

"Cando iban ver as mozas a esoutra parroquia, a Damil, chegando ó Porto aparecéulles unha égua moi bonita, acariñárona... E iban a cabalo dunha égua..., e no medio do río desapareceu a égua..., desfíxose. Non sei, nunca chegaron mollados..."

A dúbida final sobre os feitos non nega unha posíbel comunicación:

"Ese que digo eu, ese vía. Tiña algo na vista ou que sei eu... Outros que iban non vían nada, outros escapaban... Nese Porto vían unhas luces, sentían éguas rinchando..."

Estamos ante o que Risco definiu como o díaño burleiro<sup>10)</sup>, un mito cristianizado que se

5. Anotamos a variante: "...mataremos un carneiro/e as trompas serán pra vós".

6. A etnografía portuguesa recolle por San Bartolo -o 23 de agosto- un enfrontamento arredor do río entre as provincias do norte. "Começam grandes alterações de língua, gritos de Viva o Minho! Viva Trás-os-Montes! Andai ao Santo, de um lado, Andai à fonte do outro, etc.", chegándose a unha loita brutal entre os que se atreven a cruzar a ponte (Teófilo Braga: *O povo português nos seus costumes, crenças e tradições*, vol. II, Lisboa, 1986 [ed. orixinal de 1885], pp. 220 e 221). E en Galicia (Lisón Tolosana, Carmelo, *Antropología cultural de Galicia*, Madrid, 1971, pp. 69-70), hai relatos nos que se describe como as parroquias ourensás da Canda e Barrán, en Piñor, se encaran arredor do río polas festas. Os rapaces de Barrán chámanlles "¡calvelos!", e os de enfronte contestan cun "¡ei, larapios!, si queredes pelexar pasar o río para acá".

7. A barca de Belesar (O Saviñao-Chantada) tamén rematou no fondo do río en 1809 para impedir que a usaran os franceses na invasión napoleónica, voltando a reanudarse o servizo até o ano 1830 no que se reparou a ponte (Cf. Luis Campos Fernández, *Casas hidalgas de Saviñao, Chantada y de otras tierras*, A Coruña, 1979, pp. 122 e 123).

8. Logo da guerra de 1936 a garda civil mandou retirar os remos das barcas, e até creou un corpo de somatén cos veciños para vixiar as embarcacións de Ribeiras de Miño, Sernande e Chouzán. Eran os tempos da guerrilla, cos seus enlaces, dos escapados, e do estraperlo. En momentos de crise sempre se tratou de controlar a circulación de persoas e mercadorías.

9. De similar interese é o relato recollido do último barqueiro de Meixide, en Parada do Sil: "Cando foi a carlistada tiveron que atuar as barcas, porque chegaron cos cabalos e, en fin..., tiveron que atuar as barcas, porque senón hai que pasalos e, en fin..., e atuaron as barcas e tiveron [os carlistas] que volverse... Xa o contaba o meu pai, e, en fin, contaban a historia esa..."

10. Vicente Risco: *op. cit.*, pp. 76 a 79. Da tradición mitolóxica ocupáranse tamén outros membros do Seminario de Estudos Galegos (Cf. Florentino López Cuevillas, "O culto das fontes no noroeste hispánico", en *Trabalhos de Antropologia e Etnografía*, vol. VII, Porto, 1935, pp. 73 a 104; e Fermín Bouza-Brey: *La mitología del agua en el noroeste hispánico*, Vigo, 1973 [discurso lido na Real Academia Galega, orixinal de 1941]).



move de noite polos campos<sup>(11)</sup>, en ocasións trocado con o trasgo<sup>(12)</sup>. Seres vivos na imaxinación dos crentes, que son quen os atopan. Poden ter equivalencias noutras culturas<sup>(13)</sup>, con diferentes representacións que inducen a encarar o medo ao descoñecido -como recurso psicolóxico propio- ou para unha mesma función no grupo -reflexan a mentalidade colectiva, explican o pasado e o presente, e mostran os proxectos do futuro-. En Lugo temos o caneiro do trasgo, con xustificación mitolóxica sobre o seu curioso trazado<sup>(14)</sup>:

Tiña unha boca sola, e cando iban pescar levaban o cabalo prá insua, e sempre aparecía acarreirando, sería cousa do demo... Botáronlle pez ó cabalo, e o demo sentouse nel e non se soltaba... O demo, pra que o deixaran, ofreceulles facer outra boca ó caneiro, onde sempre pescarían algo. E fíxolles unha boca torta, que cando a puxeron dereita nunca pescou, hasta que a puxeron outra vez torta... O caneiro alí está, coa boca torta, e así recordo que o contaba mi padre...”  
 Tamén o nacente do Miño, a formación xeolóxica do Pedregal de Irimia, ten unha razón<sup>(15)</sup>:

11. Abundan as visións recompiladas (Cf. Xosé Ramón Mariño Ferro: *O demo e o trasno*, Vigo, 1996, pp. 55 e 56; Xuan Xosé Sánchez Vicente, e Xesús Cañedo Valle: *Los dioses derrotados*, Xixón, 2000, pp. 98 e 99; Xoán Xosé Teijeiro Rey: *Seres galegos das augas. Mitoloxía comparada*, Noia, 2002, pp. 16 e 17).

12. En Portugal e en Asturias, ademais de Risco, diferenzan claramente o diaño burleiro ou diañu burlón e o trasgo ou trasgu, pois este último móvese polo fogar (mais no ocidente asturiano e metade norte de Lugo aparece tamén polos campos). Do home-peixe da Terra Chá dise que viaxa en arca polo río portando un pucho vermello -característico do trasgo-. Mitos que habería que revisar, comezando polas lavadeiras que son desbotadas por investigadores de Asturias despois de afirmar que foron unha invención de eruditos de finais do século XIX e comezos do XX (Cf. Xuan Xosé Sánchez Vicente e Xesús Cañedo Valle, *op. cit.*, pp. 116 a 118).

13. Desde os mitos indoeuropeos estendidos pola Europa atlántica (do kelpie de Escocia ao noggle en Shetland, ambos collen forma de cabalo que afoga aos que soben), ao mito de boiuna da Amazónia (ser composto por muller e serpe, que se presenta como barco ou canoa para afundirse cos que o empreguen).

14. Lembremos que o trato co demo permite levantar outras obras, como a ponte de Pontevedra (Cf. Xosé Ramón Mariño Ferro: *op. cit.*, pp. 11 e 12).

15. A orixe do pedregal ten outra explicación nos demos que deixaron caer alí as pedras que portaban (Cf. Álvarez Carballido, 1888, en Vitor Vaqueiro: *Guía da Galiza máxica, mítica e lendaria*, Vigo, 1988, p. 343). A vella da que falan os nosos informantes de Meira non é unha veciña maior, entendámola como unha parente de outros seres míticos da nosa terra que aclaran feitos maravillosos.

“Dise que fora unha vella, que levaba o regazo cheo de pedras, e que as deixou caer desde a cima do monte...”

Para vencer o temor, loitando contra o desorde provocado polo inimigo, usáronse amuletos. Poden ser formas cristiáns as que volten á harmonía, como a cruz tallada nas dúas cortizas dos extremos da barredeira que atopamos en terras ourensás:

“A cruz era pra quitar o meigallo.”

O que nos leva á crenza nas bruxas, entendéndoas como unha alegoría do mal, a quen atribúen os feitizos que mudan a sorte dos pescadores no Miño. Obras das servas do demo que se combaten igualmente con obxectos non sacralizados, como recollemos na Terra Chá:

“Un meu abuelo, que eu non conocín, levaba alas dun morcego nun bolsillo do chaleco... Volveranse fariña e non collera peixes...”

-Ves, madia levei a non coller, desapareceronme as alas do morcego -dicía.”

Os últimos propietarios da barca de Quellepán (Ourense), paso de arrieiros, garabáns feirantes e romeiros, cóntannos como no inverno, chegando ao Penedo da Capela -revolta do Miño onde a pena marcaba o cachón- os que ían na barca facían o sinal da cruz. E tamén:

“A primeira vez que pasaban, sobre todo ós rapaces da montaña, dicíamolle:

-Mete unha pedra na boca e non a quites hasta chegar ó outro lado. Tes que meter un coio senón afúndese a lancha...”

A notaran este mesmo xeito de librarse dos espíritos das augas entre Melgaço e Arbo<sup>(16)</sup>. Obras que se imputan ás ondinas ou feiticeiras, combatidas de maneira similar no mar<sup>(17)</sup>. Seres míticos humanizados do medio acuático emparentados coas sereas son as xacias da Ribeira.



O Miño. R. Dimas

16. José Leite de Vasconcelos, *Revista Lusitania*, vol. XXIX, Porto, 1931, pp. 170 a 182; e Vicente Risco, *op. cit.*, p. 69.

17. Os navegantes que atravesan os mares portan unha pedra de ara (Cf. Teófilo Braga, *op. cit.*, p. 37).

# XOAQUÍN LORENZO E A CULTURA MARÍTIMA

Emilio Xosé Insua



*Pour la science ethnographique et anthropologique galicienne, les travaux de Xoaquín Lorenzo sur les embarcations et sur les arts de pêche, ainsi que sa proposition de questionnaire pour les enquêtes sur le sujet, ils représentent le but initiateur de tout un énorme effort qu'on fait depuis des années, parfois dès le plus simple et noble bénévolat, pour étudier, conserver, dignifier et projeter vers l'avenir la culture maritime.*

**E**n Outubro de 1930, nas páxinas do xornal galai-co-bonaerense *A Fouce* (nº 21) Antón

Villar Ponte evocaba da seguinte maneira o ponto de partida que tiveran que asumir aqueles que, coma el, deran orixe a unha nova e esperanzadora xeira para a cultura galega empregando como ferramenta as Irmandades da Fala:

*"Antes do ano dazasete, o sentimento de galeguidade ficaba cáseque totalmente esmorecido na nosa terra. A nosa lingua, a nosa lírica, as cousas da nosa Historia eran estudadas e tratadas por algúns, moi poucos, galegos, como feitos arqueolóxicos. Unha erudición fría falaba das características raciaes cun xeito ouxetivo; tal que si Galiza fose un planeta morto e lonxano. Facíanse inventarios do pretérito sin emoción algunha, agás en contadísimos conterráneos (...); entón a penas ningún home culto da nosa terra emocionábase miga coas cousas enxebres. Polo contrario: adoitaban ollarse con indiferencia cando non con desprecio, coidándoas inferiores ás do resto da Hespaña. A rexa colonización castelá chegara a infundir na maioría dos nosos paisanos o presentimento vergoñoso da propia autoinferioridade, que inda hoxe custa caro desbotar de algúns".*

O persoeiro a quen este ano se lle dedica a celebración do 17 de Maio, Xoaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907-Lobeira, 1989), per-

tence precisamente á primeira xeración continuadora dese esforzo primixenio, realmente titánico, de recuperación, revalorización e proxección cara ao futuro da nosa cultura levado a cabo polas Irmandades.


O Xocas, como lle chamaron os que o querían ben, figura efectivamente en lugar destacado na pléiade de discípulos directos (e predilectos) dos persoeiros do grupo "Nós" (Vicente Risco, Ramón Otero Pedraio, Florentino López Cuevillas...). Con estes compartiu militancia política e perfil ideolóxico, situándose nas fileiras galeguistas dentro do sector confesional católico, moi distante das esquerdas e preocupado preferentemente polas tarefas culturais, nomeadamente por aquelas que implicasen un contacto directo cos sectores sociais labregos e mariñeiros e significasen un mellor coñecemento da cultura popular da que eses sectores eran depositarios. Nesa cultura o Xocas, como os seus mestres, vía a máis xenuína, auténtica e valedeira manifestación do *volksgeist* galego, do noso espírito comunal.

Así as cousas, foron a etnografía, a arqueoloxía (nomeadamente a megalítica e romana) e o cancionero popular os ámbitos de investigación e divulgación preferentes deste xenuíno representante do que se deu en chamar "Xeración do Seminario de Estudos Galegos", institución na que ingresou en 1926 e da que chegou a ser directivo, a carón doutros nomes como seu irmán Xurxo Lorenzo (tres anos máis novo ca el, morto en 1934 en terras aragonesas), Lois Tobío

Fernández, Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza-Brei, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carvalho Calero, Xulián Magariños Negreira, Xesús Ferro Couselo, Ramón Martínez López, Antón Fraguas e un longo etcétera.

O escritor rianxeiro Rafael Dieste retratou con moito acerto e agarimo na súa peza *A fiestra valdeira* (1927), através do personaxe do estudante Nogueira, estes mozos integrantes do "Seminario de Estudos Galegos" (entidade fundada en 1923) que aproveitaban as vacacións do curso escolar traballando na recolleita de materiais do folclore e da etnografía galegas para logo, con método científico e de xeito moitas veces interdisciplinar, elaborar sisudos artigos ou magníficos tomos monográficos que son aínda hoxe, pasados unha chea de lustros, textos de consulta obrigada para os especialistas actuais: *Vila de Calvos de Randín* (1930), *Terra de Melide* (1933), *Parroquia de Velle* (1936)... A frialdade e a falta de identificación que Villar Ponte denunciaba como características de moitos estudiosos das cousas da Galiza antes do ano dezasete, trocouse da man de Xocas e dos restantes mozos do "Seminario" en quentura cordial, en dignificación constante, en rigor metodolóxico, en indesimulada reivindicación do obxecto de estudo como patrimonio identitario.


Sendo como foi, sobre todo, un especialista no ámbito da cultura rural-labrega galega, con importantes contributos sobre elementos como o carro, o liño, as pontes, os muíños, a casa ou os



(Fig. 1)

xugos, Xoaquín Lourenzo non renunciou no entanto ao estudo e comprensión da Galiza mariñeira, un ámbito no que estaba daquela practicamente todo por facer.

A primeira achega de Xocas á cultura marítima traducíuse na elaboración, baixo o diletante asesoramento de Vicente Risco e no seo da "Sección de Etnografía e Folk-lore" do "Seminario de Estudos Galegos", dun Cuestionario para a recolleita de materiais relacionados co mundo mariñeiro, concretamente coas embarcacións. Tratábase dun ámbito que, como o propio Risco recoñecía ao presentar o traballo do seu discípulo, era nesa altura precisamente unha das partes menos estudadas, máis virxes prá investigación, da nosa etnografía.



(FIG. 3)

O texto en cuestión foi presentado como comunicación ao "Seminario" en Xaneiro de 1933 e dado a coñecer ao público nas páxinas da revista *Nós* en Marzo dese ano (nº 111), co título de "Notas pra un cuestionario de etnografía. Embarcacións". Está artellado arredor dun total de 115 ítems e todos os aspectos imaxinábeis relacionados cunha embarcación teñen cabida neste Cuestionario: medidas, tipos, materiais, partes, denominacións, prezos, réxime económico, principais manobras, sinais, clases de pesca, cebos, aparellos e artes, construcións complementares... Mais non fai só referencia aos aspectos materiais, senón que inclúe tamén ítems sobre a clase, número, función, crenzas, accidentes, cánticos, organización, etc. dos tripulantes desas embarcacións.

Nunha estadía de verán, concretamente en Xuño de 1933, na localidade do Porto do Son, Xoaquín Lourenzo ten ocasión de coñecer máis de perto o mundo das dornas e as anqueiras e confidencias dos seus tripulantes. Como o personaxe Nogueira que perxeñou Rafael Dieste para a súa comedia teatral, o noso investigador aplica o cuestionario por el propio elaborado e lánzase a anotar palabras e xiros orixinais da linguaxe

mariñeira, a transcreber lendas e crenzas, a debuxar elegantemente as dornas, a apuntar os nomes dos peixes obxecto de captura, a recoller datos sobre a función e a denominación das distintas partes da embarcación, a recompilar información sobre o manexo e utilidade das diferentes artes e aparellos, a describer algunhas das anqueiras e labores da vida a bordo, a repasar o proceso de construción das naves nas carpinterías de ribeira, etc.

Froito magnífico dese esforzo, para o que contou coa axuda impagábel dos tripulantes da dorna sonense "Josefa" e do seu patrón Manuel Castelo, é o ensaio "As dornas do Porto do Són", publicado polo autor no boletín *Nós* en Xullo de 1934 (nº 126-127). Considerado en perspectiva, constitúe un texto autenticamente pioneiro no estudo da cultura marítima galega. Que o seu autor era consciente dese carácter de achega primixenia e que sabía perfectamente da urxencia de facer ese tipo de investigacións de campo, dadas as vertixinosas transformacións que se verificaban no mundo mariñeiro nos comezos do século XX, próbano as seguintes liñas, que serviron de introdución ao seu artigo:

*"Nada se tén feito en col da etnografía das costas da Galiza. Así o noso traballo tropeza coa dificultade da falla de antecedentes.*

*E o momento é crítico: a punto de desaparecer unha chea de costumes i embarcacións típicas, aixiña non serán mais que unha lembranza na mente dos vellos mariñeiros, que nas mañáns soleadas do inverno contarán aos netos as suas andanzas naquelas embarcacións en que ollaban a morte cara a cara tantas vegadas. A dorna (o xeito, a traíña) van chegando ao remate da sua vida. Vense desplazadas pol-os motores de explosión e o seu campo de acción vaise limitando. Non é de lamentar a sua perda, sempre que esta siñifique progreso, mais coidamos que istes documentos populares deben ser coidadosamente estudados: teñamos en conta que iles forxaron a alma arriscada e valente dos nosos mariñáns".*

Así mesmo, da admiración que os mariñeiros sonenses espertaron no noso autor dá conta o seguinte parágrafo, tomado do traballo antecitado:

*"E aquí tendes a vida monótona e chea de resgos dos mariñeiros do Porto do Son, vida da que iles están contentos deica non admitiren comparanza coa dos galegos de terra adentro.*

*A incertidume da sua vida, sempre por riba das augas treidoras, dá a istes homes un espírito xeneroso e un amplo concepto da vida e das suas pasións.*

*O mar é pra iles berce e tumba e n-il transcurre a sua vida toda.*

*Semellantes aos croios que o mar axota âs praias, istes homes perderon no contacto co mar as aristas que se sinalan ferintes en moitos aspectos da vida campesiña".*

Outro contributo importante que fixo o Xocas para o coñecemento do noso mar contense no tomo II da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedraio, que viu lume en Buenos Aires en 1962. Con efecto, o noso autor dedicou algúns apartados da súa "Etnografía. Cultura material" ás distintas artes e aparellos usados na pesca tradicional nas costas galegas, ilustrando as explicacións con debuxos saídos do seu propio lápis e con abundantes fotografías de altísimo valor artístico e documental tiradas por Xosé Suárez e Pacheco.

O autor fai un repaso sintético e exacto dos distintos procedementos, ferramentas e artes de pesca empregados en función das diferentes capturas (xeito, traíña, cerco real, sardiñal, xábega, boliche, tarrafa, parexa, rapeta, meio mundo, esparavel, volanta, palangre, bou, embalo, liñó, angarello, trasmallo, curricán, raño, nasa...),

engadindo ademais abondosa información sobre os diversos tipos de barco utilizados en cada caso (lancha xeiteira, traíña, traíñón, trincado, buceta, gamela, barlote, dorna, chalana...). Ten, igualmente, parágrafos adicados ás técnicas de conservación tradicionais do peixe (cicial ou lañado, salga, escabeche...) e ás artes, capturas e modalidades de pesca nos ríos (figas, pescos, boitiróns, nasas, ventelas, alxerifes, sacadas, trallos, barreadeiras, canas...).









O volume *O mar e os ríos*, que integra desde 1982 a "Biblioteca Básica da Cultura Galega" da Editorial Galaxia, recolle no fundamental os contidos relativos ao mundo material da pesca presentes no traballo de Xocas incluído na citada *Historia de Galiza*. Ben é verdade que a lingua foi sometida no volume galaxiano a un proceso de normativización que o propio autor lamentou explicitamente.

Non remataría nesa altura o interese do etnógrafo ourensán polos elementos materiais e inmateriais vinculados máis ou menos directamente ao mar e á actividade pesqueira. Se xa en 1959 dera a coñecer nun volume de homenaxe ao profesor portugués Mendes Correa o traballo "Muíños de maré", na década de 60 aparecerían na *Revista de Etnografía* editada no Porto os seus traballos "Vellas artes de pesca no río Miño" (1966) e "O mar terra adentro" (1969), que completan o seu contributo orixinal para o mellor coñecimento da cultura marítima galega (cabería mesmo dicir, galaico-portuguesa).

Tense dito moitas veces que unha parte moi importante da sociedade e da cultura galegas viviu (e se cadra aínda vive) demasiado de costas ao mar. Foi precisamente nos tempos do Xocas cando se rexistraron os primeiros síntomas dun máis que necesario e posíbel proceso de re-encontro nese sentido, proceso que ademais de na investigación etnográfica manifestouse tamén, como tantas veces ocorre, na literatura: velaí os poemas mariñeiros de Cabanillas, algunhas das cousas de Castelao, o *De catro a catro* de Manuel Antonio, a vindicación da identidade mariñeira que encerra a antes citada peza teatral de Dieste...

Para a ciencia etnográfica e antropolóxica galega, os traballos de Xoaquín Lourenzo sobre as embarcacións e sobre as artes de pesca, así como a súa proposta de cuestionario para o traballo de campo, representan nin máis nin menos que os fitos iniciadores de todo un inxente esforzo que se ven facendo, tantas veces desde o máis puro e nobre voluntarismo, por estudar, conservar, dignificar e proxectar cara ao mañá a cultura marítima. Visto desde esta perspectiva, as páxinas desta revista e tantas outras iniciativas (encontros,



Artes de pesca. Deseños de Xoaquín Lourenzo  
© Museo do Pobo Galego

publicacións, recuperacións de embarcacións...) que se veñen levando adiante todo ao longo da nosa costa constitúen, de facto, unha homenaxe

práctica á súa figura e un recoñecemento agradecido do seu valioso maxisterio.



Xocas na Virxe do Viso

# ESTALEIROS NAVAIS ARTESANAIS DE MADEIRA NO NORTE DE PORTUGAL

## SOBREVIVÊNCIA OU RECONVERSÃO

João Baptista



Estaleiros Navais  
Samuel e Filhos Lda.  
Construção da replica  
de caravela das desco-  
bertas Vera Cruz  
Fotografado em 1999

*P*ercorrendo o litoral norte de Portugal confinado a sul pelo rio Douro e a Norte pelo rio Minho, em cerca de 80 km de costa se fizermos um percurso ribeirinho pela borda mar, é ainda possível seguir o percurso das antigas comunidades humanas que fizeram da água o seu modo de vida, trabalhando como embarcadiços, moços de bordo, marinheiros, pilotos, pescadores, salineiros, sargaceiros, redeiros, cesteiros, artesãos, varinas, rematadeiras rendilheiras, comerciantes, pintores, calafates, carpinteiros, construtores navais, antigos estaleiros navais, etc. etc.

É em busca destes últimos que demandamos esta viagem.

Esta é uma viagem rápida, cheia de recordações e de nostalgia. Lembro-me nos meus tempos de rapaz, me perder tarde dentro, pelos estaleiros da "Vila"<sup>(1)</sup>, dias seguidos a ver surgir, de um monte de tábuas, os barcos que me faziam companhia nas minhas aventuras imaginadas...

A construção naval de embarcações destinadas à pesca de pequena/média dimensão, foi desde sempre pertença quase em exclusivo dos estaleiros navais de madeira.

..."Portugal, dentro dos países desenvolvidos é talvez o último que conserva um sector de construção naval em madeira bastante activo, ocupando o primeiro lugar no âmbito das embarcações de pesca, seja em número de estaleiros e sua implantação ao longo da costa, seja em número de embarcações construídas na última década (1986 - 1996)<sup>(2)</sup>" ...

..."Até 31 de Dezembro de 1991, a frota de pesca no continente com comprimento de fora a fora igual ou superior a 7 metros registada, era de 2788 embarcações, e destas 2599 eram construídas em madeira, ou seja 93,22% do total da frota, o que nos dá uma ideia da importância dos estaleiros de construção naval em madeira pelo menos no domínio da reparação e, eventualmente da modificação das embarcações" ....

*En parcourant le litoral nord du Portugal limitrophe au Sud avec le fleuve Douro et au Nord avec le fleuve Minho, avec environ 80 km si nous faisons le trajet tout le long de la côte, aux bords de la mer, il est encore possible de faire le parcours des anciennes communautés qui ont fait de l'eau leur mode de vie.*

*Il s'agit d'un voyage rapide, plein de souvenirs et de nostalgie. Je me rappelle dans mon enfance de m'égarer, l'après-midi, dans les chantiers de la "Vila", jour après jour et d'y voir jaillir, d'une montagne, des planches en bois, les bateaux qui me tenaient compagnie dans mes aventures imaginaires...*

1 Nome dado a Vila Do Conde pelos vizinhos Poveiros.

2. Relatório Preliminar do grupo de Trabalho "Estaleiros Navais A Construção de Navios de Pesca" constituído ao abrigo do despacho conjunto subscrito pelos: Secretário de Estado das Pescas e Secretário de Estado da Industria e Energia, em Fevereiro de 1997.

3. "Estudo Prospectivo da Industria de Construção Naval em Madeira", elaborado pela Associação das Industrias Navais em 1993.

Destas, estão registadas nos portos de Caminha a Esposende 197, Póvoa de Varzim e Vila do Conde 186, e por ultimo Leixões e Douro 151, num total de 634 embarcações<sup>(3)</sup>.

Nos dias de hoje o panorama é diferente, e, pese embora, os relatórios elaborados à data, 1993 e 1997, apontarem a reparação / modificação, manutenção da frota de pesca existente, como mercados potenciadores da manutenção e rentabilização dos estaleiros existentes em actividade, a realidade é que desde essas datas até ao presente muitos já encerraram portas.

Quando se fala de estaleiros de construção naval em madeira no norte de Portugal, vem logo à memória Vila do Conde., ainda o centro por excelência da construção naval em madeira, cujas origens se perdem nas brumas dos tempos...

No entanto, no sentido de dar uma visão que abranja todos, se outra coisa não se conseguir, fica pelo menos o registo dos que existem no momento, em actividade e as zonas de sua implantação no norte de Portugal.

## OS ESTALEIROS

Os estaleiros que temos nesta região norte são já poucos, por razões que adiante se abordarão, na sua maioria perderam a importância que mantiveram nos últimos 100 anos como pólos de atracção de mão-de-obra e de matérias-primas.

Assim temos estaleiros que ainda se dedicam à construção a laborar:

- Na margem sul do Douro, Vila Nova Gaia,



Construção da Nau de 18 Rumos para Museu Flutuante da Câmara Municipal de Vila do Conde Abril de 2004

existe o Estaleiro David Alves que se dedica à construção de barcos Rabelos seguindo a traça e método de construção tradicionais. Este estaleiro esteve em risco de encerrar, empurrado por motivos urbanísticos, Felizmente imperou o bom senso e continua a laborar prestando a assistência na manutenção dos inúmeros Rabelos que ainda sulcam as águas do Douro.

- Na margem sul do rio Ave no sítio da Junqueira, em moderno espaço do Instituto Portuário do Norte, estão instalados os antigos estaleiros que existiram em Vila do Conde Junto à Alfandega Régia, os Estaleiros Postiga e Feiteira Lda. os Estaleiros Samuel e Filhos Lda. e por ultimo os estaleiros Sicnave Lda. que se situavam frente aos primeiros mas na Azurara, na margem sul.

- Na Póvoa de Varzim existe um pequeno estaleiro naval, Irmãos Viana Lda., instalado no lado sul, paredes-meias com a marina de recreio, na bacia do porto de pesca.

- Por ultimo no rio Lima na Vila de Darque, Viana do Castelo, na margem sul, e situado na foz no lugar do Cabedelo temos o estaleiro Marçal Oliveira Lda., e mais acima no sentido nascente no sítio do Cais Velho, temos o estaleiro Carlos Ferreira que no presente se dedica à construção de pequenas embarcações típicas do rio Lima, Barquinhos do Lima, a pequenas reparações ou ao desmantelamento para abate de embarcações.

- Na margem norte do Lima junto à praia norte e paredes-meias com os estaleiros Navais de Viana (estes estaleiros de aço, fora do âmbito do presente trabalho) temos um estaleiro - escola propriedade do Centro de Formação para a Pesca - FORPES-CAS, e por último o estaleiro da Vianapesca OP.



Estaleiros Navais Samuel e Filhos Lda. Construção de um Barco Rabelo para turismo náutico no rio Douro. Fotografado em 1999



Estaleiro Sicnave Lda. Construção de uma nova embarcação para a pesca costeira. 2001

Este estaleiro da Vianapesca já encerrou, as suas instalações estão agora ocupadas por uma empresa de capitais Espanhóis que se dedica ao fabrico de embarcações em fibra de vidro e semi-rígidas.

O Estaleiro do Forpescas não tem tido nos últimos anos, alunos para os cursos de carpinteiros navais, de forma que está inactivo.

Em resumo, são estes 7 estaleiros de construção naval em madeira que temos ainda a construir embarcações para a pesca.

Outros pequenos estaleiros podem ser também referenciados nesta linha de costa mas perderam a sua vocação de construtores, efectuando no presente só pequenas reparações, competindo com os que ainda constroem. Outros pura e simplesmente encerraram. Fica o registo dos seus nomes.

Assim temos um estaleiro na margem norte do rio Douro, na zona da Cantareira próximo da foz do rio, o Estaleiro do Ouro confinado a uma pequena carreira de encalhe e a uns contentores como instalações de apoio. O estaleiro da Furinave em Gaia já desapareceu faz anos, fica o registo do seu nome

Em Leça da Palmeira, junto aos Clubes de Vela, o estaleiro Constronave Lda. já não existe, em seu lugar um moderno parque de estacionamento para automóveis...

-Na margem norte no rio Cávado, Esposende, o estaleiro Construções Navais Foz do Cávado encerrou há alguns anos. Embora instalado em modernas instalações construídas para o efeito, o assoreamento da barra ao não permitir a entrada e saída de embarcações de maior calado ditou o seu fim. Nas suas instalações fabricam-se agora canoas em fibra de vidro por uma pequena empresa da terra. Ainda

dentro do casco urbano, temos um pequeno estaleiro que se dedica à construção de pequenas embarcações de rio, propriedade do Sr. Isolino, conceituado construtor de embarcações de recreio.

Percorrendo o litoral em direcção a norte, no Castelo do Neiva cerca da foz do rio Neiva encontramos ainda quem se dedique à reparação e construção de pequenas embarcações de boca aberta, "Voadoras" para a pesca local.

Como curiosidade e para registo aos interessados, não posso deixar de referir um fabricante de remos e bartedouros em actividade sendo já o último de vários que existiram em Aldreu, conselho de Barcelos conhecido como o Sá dos remos.

Na foz do Minho um outro pequeno estaleiro resumido só ao seu proprietário, Sr. Luís Quintas, neto e filho de importante construtor naval oriundos de Vila do Conde.

Por fim em Lanhelas encontramos o último construtor naval Sr. Luís Marrocos, já retirado da actividade, construtor de embarcações típicas do rio Minho de nome Carochos, embarcação de casco trincado.

## O DECLÍNIO DA CONSTRUÇÃO:

A construção naval de embarcações para a pesca em madeira é uma actividade que não tem um rumo de produção definida. Não existe um planeamento de encomendas a prazo. A procura do mercado aliada às directrizes imanadas de Bruxelas ditam as regras. São vários os factores e condicionalismos que acentuam a falta ou o excesso de trabalho. No entanto a realidade é uma curva descendente nesta indústria, temos progressivamente assistido ao declínio da sua importância como pólo de actividade geradora de emprego e riqueza.

A política de redução da frota pesqueira por parte da CE, incentivou o abate indiscriminado de embarcações. Conhecida como "lei do abate," a troco de uma recompensa monetária ao proprietário da embarcação, sem salvaguardar as embarcações de trabalho com interesse histórico e tradicional, que aliada a inúmeros factores convergentes no mesmo sentido, nomeadamente a redução acentuada dos stocks de pesca, a extinção de espécies, a mudança de locais de captura, a capacidade cada vez maior das embarcações mais modernas e polivalentes, o findar de acordos de pescas com países terceiros, como Marrocos, Mauritânia e Canadá,

espelham desde o final da década de 80 a crise cada vez maior que se instalou no sector.

As embarcações que se constroem na actualidade, embora com todas as novas tecnologias, polivalência e condições de conforto a bordo para os pescadores, são embarcações de substituição. Substituem uma velha que é abatida à frota. Não se está a investir em novas unidades mas em substituir unidades consideradas obsoletas. As embarcações maiores de 24 metros entre perpendiculares passam também a obedecer a requisitos de segurança mais apertados por força do Protocolo adoptado pela CE, da Convenção Internacional de Torremolinos sobre a Segurança das Embarcações de Pesca, de 1997. Assim estas embarcações a construir são substituídas por embarcações de Aço ou P.R.F.V<sup>(4)</sup>. e mais recentemente Alumínio Marítimo.

A quantidade de embarcações que se constroem por força da maior arqueação e potencia propulsora limita o número de construções. O número de matrículas novas nas capitánias tem vindo a diminuir, chegando ao ponto de em algumas não se registar no presente uma embarcação nova na frota para a pesca costeira ou largo.

A partir de 1986, para Portugal ingressar como membro da Comunidade económica Europeia de pleno direito, foi-lhe estipulado um prazo de 10 anos para a reconversão da frota pesqueira, a alfabetização dos inscritos marítimos e a sua reconversão através da formação profissional, intenções reforçadas com o abate das unidades de pesca de pequena



Estaleiros Postiga e Feiteira Lda. Carpinteiro de enxó afeioa o alefrez da roda de proa de uma nova embarcação. Na carreira a replica da lancha "Fé em Deus" para reparação. 1999



Duas embarcações abatidas à frota de pesca para serem desmanteladas. Estaleiros de Vila do Conde  
Abril de 2004

dimensão (todas as menores de 25 toneladas de TAB. entre os 7 e os 12 metros).

Em 1996 o quadro do sector pesqueiro era assustador: o número de embarcações tinha sido reduzido a menos de metade, Portugal foi o país europeu que mais embarcações abateu à frota de pesca, e as embarcações de pesca longínqua tinham-se extinguido em quase todos os portos armadores. Atrás vinham a extinção das fábricas de conserva, redes, fundições, serralharias marítimas, fábricas de plásticos para a pesca e outros aprestos navais. A construção naval acompanha este declínio.

Os operários especializados em idade de reforma, não são substituídos por outros da mesma categoria. Assiste-se à redução dos postos de trabalho, exemplo disso são os estaleiros Samuel e Filhos que dos 120 operários que tinha no activo três décadas atrás, tem no presente cerca de 30. Assistimos assim ao acabar de profissões e ofícios.

A montante e a jusante do barco coabitam uma infinidade de artes e ofícios que se interligam e se completam e que se extinguem pura e simplesmente com a extinção do próprio barco.

Não temos no presente novos activos a ingressarem no sector da pesca. Nos portos da Póvoa de Varzim e Vila do Conde assumiu proporções graves, tendo os mestres das embarcações recorrido ao recrutamento de pescadores dos países de Leste, sem nenhum contacto com o mar ou o

4. P.R.F.V. Poliéster Reforçado com Fibra de Vidro, material usado nas modernas embarcações de pesca.

mundo da pesca. Também na construção isso se nota. Embora existam escolas de carpintaria naval nos centros do FORPESCAS são poucos os alunos para estes cursos, os que se graduam não têm emprego nos estaleiros navais. O futuro para estes estaleiros e para os novos carpinteiros navais não se apresenta risonho, as perspectivas são de continuada redução de encomendas em carteira.

Os operários especializados, carpinteiros de limpos, calafates, carpinteiros de enxó etc. etc., à medida que se reformam não são substituídos, assistindo-se à ocupação do seu lugar por outros operários não especializados, desempenhando estas novas funções, reflectindo-se esse não investimento em operários especializados no produto final. A embarcação.

A par do declínio da construção naval em madeira, aliada a diversos factores não menos importantes, não podemos deixar de referir um que nos merece também uma reflexão: a falta de matérias-primas.

A falta de matérias-primas de qualidade e quantidade, em particular as madeiras que se utilizam na construção naval, Pinheiro Bravo<sup>(5)</sup>, Pinheiro Manso<sup>(6)</sup>, e Carvalho<sup>(7)</sup>, tem vindo a crescer, fruto de políticas florestais desadequadas, cortes de madeiras efectuados em altura desapropriadas, resinagem das madeiras etc. esta situação tem levando os estaleiros a introduzir novas madeiras estrangeiras, Cambala, Austrália, Aloma, Bilinga todas de maior duração e resistentes, mas mais caras, em substituição das madeiras dos nossos pinhais, matas e florestas. Aqui a política florestal é conivente, satisfazendo interesses de grupos económicos internacionais, que privilegiam a plantação maciça de Eucaliptal em detrimento das espécies autóctones, aliada a vagas sucessivas de incêndios de origem mais que duvidosa, que juntos, também contribuem para o rol das dificuldades na indústria naval artesanal em madeira.

## A RECONVERSÃO E NOVAS OPORTUNIDADES

Os estaleiros navais, nomeadamente os de maior importância consciente das dificuldades do

sector buscam novas soluções que lhes permitam a sobrevivência e a manutenção dos seus postos de trabalho.

Assim a par da introdução das novas madeiras o que já se vem fazendo ao longo de décadas e cada vez com uma maior percentagem em detrimento das nacionais, assistimos por força da utilização mais polivalente das embarcações e da melhoria dos postos de trabalho, a modificações nas estruturas das obras mortas das embarcações sendo o convés coberto a madeiras na base dos contraplacados marítimos primeiro, chapa inox posteriormente, e recentemente, cerca de 1995 até à data, à introdução do alumínio marítimo, primeiro para cobertura do convés e ponte, depois para a construção integral das embarcações.

A introdução do alumínio marítimo foi e é um passo de gigante para o futuro dos estaleiros navais, é pioneiro neste tipo de construção o estaleiro Sicnave Lda. em Vila do Conde.

Aqui também se assistiu a etapas evolutivas, primeiro os barcos que se construíram foram as denominadas voadoras com motor fora de borda, em madeira, depois em contraplacado marítimo que ainda se constroem, e finalmente o alumínio.

Inicialmente pequenas embarcações na ordem dos 7 metros com motores fora de borda, depois com motores interiores, maiores de 10, 12 metros até grandes embarcações maiores de 20 metros.



Estaleiro Sicnave Lda. Uma embarcação sendo reparada  
Abril de 2004

5. Pinus Pinaster.

6. Pinus Pinea.

7. Quercus Robur.



É um exemplo de sucesso a Serralharia União Construtora Naval Lda., empresa dedicada à serralharia e montagem naval, mas que se reconverteu e passou a empresa de construção naval também em Vila do Conde, com instalações próprias, para a construção das suas embarcações prototipadas num modelo de casco com cerca de 12 metros, que lhe permite maior rapidez pela construção em série de embarcações destinadas maioritariamente ao mercado insular.

Todos estes estaleiros grandes e pequenos na actualidade reparam e constroem em alumínio, pois são as regras e as novas oportunidades de mercado que ditam as leis. Mais recentemente assistimos em Vila do Conde à chegada de novos construtores oriundos da região das Astúrias, Espanha que em sociedade num dos estaleiros navais, estão no momento presente a construir embarcações de Aço, é exemplo o estaleiro Postiga e Feiteira Lda. que no momento constrói cerca de três navios em aço a par dos de madeira também o estaleiro Samuel e Filhos Lda. já começou a construção de embarcações em aço.

Assim no presente assistimos também à reconversão do pessoal operário nos estaleiros navais, onde os carpinteiros especializados deixam de existir e passamos a ter serralheiros e soldadores que se vão buscar ao mercado de trabalho exterior à indústria naval, e pela formação e reconversão, por vezes deficiente, dos operários já existentes, que vão desempenhando as novas funções.

A construção naval em madeira que tinha um cunho e marca pessoal só perceptível por entendidos que diferenciava cada mestre construtor naval, construindo por vezes o mesmo tipo de embarcação segundo os mesmos planos, deixa de existir. Passando as embarcações a serem um produto de série, por vezes duvidosa, no que diz respeito às qualidades de hidrodinamismo e performances na água, pois os cascos em nada se assemelham aos construídos em madeira. Mas permitindo novas oportunidades de mercados e manutenção das carteiras de encomendas, afinal o ganha-pão dos diversos intervenientes. Cabe também aqui referir que ao contrário de outros portos de Portugal onde se introduziu a fibra de vidro para a construção naval de grande porte, Centro, Algarve e Ilhas dos Açores, ela aqui não teve sucesso, embora se tenham realizado algumas experiências, mas a aceitação por parte dos armadores foi negativa.

À parte esta reconversão para os novos materiais, também assistimos à reconversão dos estaleiros para a construção de novos tipos de embarcações nomeadamente para o lazer e turismo náutico, e é exemplo o estaleiro Samuel e Filhos que há vários anos se dedica à construção de embarcações históricas, como réplicas de caravelas dos Descobrimentos, barcos rabelos para turismo e no presente uma nau de 18 rumos para o Município de Vila do Conde, a par da reparação de veleiros e iates.

Novos mercados e contactos surgem, nomeadamente Espanha, Arábia Saudita, Marrocos, Mauritânia, Argélia e PALOPS - Países Africanos de língua oficial Portuguesa, com encomendas em vista e algumas construções já iniciadas.

Cabe aos empresários construtores navais essa tarefa em última esperança de procura dos novos mercados, em concorrência directa com Espanha, na construção de aço. No entanto a médio prazo só vão sobreviver aqueles estaleiros que possam dar uma resposta polivalente na construção ou reparação em madeira ou noutros materiais.

Por fim, um novo tipo de reparação e construção está a dar alguns passos ainda sem expressão visível: a reconstrução de originais e construção de réplicas de embarcações tradicionais de trabalho vocacionadas para o lazer e turismo ou pura e simplesmente com fins museológicos para que não se percam de vez.

Aqui temos nós nas associações que defendem e preservam as embarcações tradicionais, um novo campo de intervenção, e acredito que juntos, podemos preservar da extinção, não só as embarcações como as profissões ligadas à construção naval em madeira, divulgando-as e protegendo-as com a criação de projectos que visem a sua manutenção.

*Fotografias de Arquivo do Autor*







Carpinteiros de ribeira na Ría de Vigo. R. Dimas

## ENTREVISTA A RAMON SENANDE (*Moncho da Maestra*)

Asociación Cultural CANLE. [www.canle.org](http://www.canle.org)



Ramón Senande  
Foto: Maribel Longueira

### *Entrevue à Ramón Senande.*

*“Ardentía” publiera dans chaque numéro une interview avec des hommes ou des femmes qui possèdent ce grand savoir qu’apporte l’ “Université de la Vie”. Il y a un proverbe qui dit que à chaque fois qu’un vieillard meurt c’est comme une bibliothèque disparaît en flammes. Ramón Senande est, heureusement, vivant et son savoir de matelot a besoin de plusieurs bibliothèques pour être compilé.*

*¿A que idade empezaches a ir ó mar?*

Ós catorce anos.

*¿Era normal por aquel tempo empezar a esa idade?*

Normal; eu fun un pouquiño antes porque meu pai tiña confianza na Comandancia, e ó mar tiñas que ir despachado; ... á escola había que ir ata os 14, e enliaron o lote ese e fun antes dos 14.

*¿Cal era a túa función a bordo?*

De rapaz.

*A tripulación dunha lancha, ¿cal era?*

*“Ardentía” publicará en cada número unha entrevista con homes ou mulleres que posúen ese saber grande que aporta a “Universidade da Vida”.*

*Hai un dito que afirma que cada vez que morre un vello é como se ardese unha biblioteca. Ramón Senande está, felizmente, vivo e o seu saber “mariñeiro” precisa de varias bibliotecas para ser recollido. A entrevista foi realizada por membros do colectivo “Canle” de Lira e amósanos, ao mesmo tempo, a experiencia vital de Ramón Senande e o bo facer da asociación lireña.*

Eran 4 ou 5 homes, un patrón, tres mariñeiros e un rapaz.

*¿Non tiñan ningún nome especial os mariñeiros?*

Non, non, eran mariñeiros. Patrón, mariñeiros e un que facía de rapaz, que era o que lavaba o barco, iba buscar a auga, facía de comer. Era o que cargaba con todo...

Eso é....

*¿Había algunha idade á que se deixaba de ir o mar, por exemplo ata casarse... ou non había ningunha?*

Podíase ir casi ata dimpois de morrer. Non había idade para acabar porque daquela non había xubilación ni nada.

*¿Qué tipo de pesca se facía aquí en Lira?*

Ó xeito, as sardiñas con redes, as raeiras, as lagostras; os das raeiras pois iban, chegaban ata Sisargas e Coruña, e todo por aí adiante.

*¿Canto tempo botaban pescando?*

15 días, dimpois viñan a casa aparellar, encascar o aparello, atalo, e facer víveres e volvían ... si. Había bós patróns daquela, porque había nortadas que comían os barcos, .... dous ou tres rizo e veña para adiante; cerraba de borraxeira, non había reló nin compás e todos viñan a terra. No inverno botábase a lancha arriba ....

Botábase a lancha arriba e vivíase da terra, dúas patacas, dúas espigas. Botábase arriba por Agosto-Septiembre e botábase abaixo por Marzo e Abril.



Acórdome do primeiro ano que fun ó mar; como meu pai era o patrón, xa gañaba coma un mariñeiro e ganei 66 pesos en tódolos meses eses.

*¿Que tipos de peixes se aproveitaban e cales se rexeitaban?*

Os bois viñan nas raeiras ou nas nasas, eu anduven coas nasas das lagostras, había outro mais, que era Ciprián, e os bois que viñan, neste tempo xa se aproveitaban, facían arroz con eles e con lumbrigante.... pero antes, cando eu era rapaz, ós bois sacábaselle o zanco e o outro ó mar...; o centolo, o que tiña pacencia para irlo levar a casa levábao, o resto tiraba con el: a beiradaapestaba á podredumbre.

*O peixe, salábase e secábase, ¿non?. Eu de chaval teño visto, no Carballal, nas cabaceiras, pulpo colgado a secar..*

Si, e fanecas, sardiñas a secar ...nós, polo regular, que eramos moitos de familia, salábase ó millor dúas baldas mui grandes, non sei fixo, non, pero, catro ou cinco milleiros de sardiñas. E tiñas para todo inverno.

*¿As lagostras ibábase tamén cas lanchas xeiteiras?*

Iba, pous na xeiteira, eu falo das xeiteiras, dos mariñeiros que iban cas raeiras alá para ...de Fisterra para o Norte. Iban casi todos; aquí quedaban un ou dous.... e había ó millor, 8 ou 10 raeireiros ... patróns deses de certo ...

*¿E levábanse ós mesmos homes que cando ian ó xeito?*

Depende, cada un levaba 10 raeiras, cada home, e ó millor iban.... menos de 6 tripulantes xa non... e iban ata ó millor 8 tripulantes... e na tilla onde se durmía cabían arrombándose ben e sendo un barco grande, o millor de 32 cuartas de quilla, podían durmir 6, os outros .... había que facer cama noutro sitio.

*¿E o patrón durmía cos outros?*

Si, si, alí a arrecender ós pés uns dos outros.

*¿A xente, axudábanse uns a outros, cando había algún accidente, algún naufraxio...?*

Cando viña mal tempo había que botar as lanchas arriba e baixaba todo o *pueblo* a axudar. Si, traían vacas e todo, ó millor en vez d'unha lancha, xa viñan 3 ou 4 arriba.... xuntas. Si, daquela había máis ou menos 40 lanchas, e .... nun par de horas estaban todas arriba.

*¿Como se avisaba á xente?*

Tocaba un o corno ou iba un rapaz busca-la xente; ó tocare-lo corno nese tempo, xa se sabía que era para eso.

*¿É certo que había un que iba cantando, para botar as lanchas arriba, que decía ¡alsa! ...*

"Alsa" era cando levantaban a lancha para poñer as imeoas debaixo, decía ¡alsa! e poñíanlle o



Cemiterio de Lira. Túmulos adornados con cunchas.



ombro e levantábana de proa, dimpois de popa, e xa estaba, e dimpois ¡arriba!, ¡veña!,... eso .... arriba, veña... o que berraba pois, ata que vía... a xente tiraba o que podía ¿non?, pero a lancha non quería ir... e dicía... *non hai sangue española*...veña, arriba.... e parece que collías máis forza e aí vai o barco arriba.

*¿De naufraxios, non te acordas de ningún...? Cando fui da lancha de Capote ¿de que te acordas?*

De todo, vín como... a maniobra que fixo, que si é un mariñeiro, un patrón algo que tal, iba a Ximprón, coa vela rota,...

*¿Que lle pasara, rompera-lle a vela...?*

Foi o timón... pero si é outro, pon dous remos a popa... bota-la vela á cachola, que se di, metes a verga na fagonadura, e vés case en popa para Ximprón. Pero eles atalaburdáronse.... ou tamén arriás as pezas, e aguantas e xa che veñen buscar, .... o rizón xa era difícil, non, levas dous rizóns e tiras os dous á vez....

O caso é que engancharan....

Enganchar, enganchar.... senón vas tan rápido polo mar abaixo que non dá tempo, dimpois cando ven o "As de Sel".... porque aquí cando é nordeste, vas a altura de Fisterra ou un pouquiño máis para fora e é norte, ¿non sabes? ... e ti vas buscando ese barco en popa, pero non o encontras, que o barco xa está máis a sur... e foi o barco de Sel e non encontrou....; non entendía moito de mar tampouco, que domais xa era de facer eso; e tróuxoo un portugués, me parece que foi.

*Bon, hai unha copla que di que os colleu un barco inglés e que os levou para Lisboa.*

Levounos para Lisboa, si. Confesáranse e todo, uns a outros.... valíalles para ir para o Ceu e dixeno, vamos xa ....

*Pasárono mal...*

Daquela xa facían patrón a calquera, ¿non sabes?. Acórdome cando eu me examinei para patrón en Muros, foran moitos daquí de Lira e a un deles, que daquela había barquiños que iban a carreira a Vigo e a Coruña, xa había mixtos, ¿non sabes?, que tiñan motor e vela... pous alí había un barco fondeado que era do Tilito de Muros, e díxolle un que examinaba a aquel veciño meu:

¿como se chama a botavara que ten aquel barco alí riba da cubierta, a que leva a vela por baixo?. E ... salimos... daquela nós tiñamos un can listo e si o levo sae patrón tamen. E daquela pois saliron eses patróns ¿non sabes? que había en Lira máis lanchas que patróns e había que facelos; e calquera era patrón pero sin...

*A min cóntanme que antes daban volta moitas lanchas, ¿non é algo esaxerado?*

Home, si venta e lle aguantas a vela da volta.

*Pero non pasaría tódolos días...*

E máis ti es un home entendido, xa sabes o que venta, pous haberá que collerlle un rizo, meterlle un ris falso, ou dous, ou tres, según o vento, claro. Non pode contra a vela, pous ponlle a caída a ver, e moita, mételle un rizo, ou dous, ou os que sexan, esa é unha tontería....

*¿Acórdaste dalgunha manía que se tivera cando se saía ó mar?*

Aí no norte, levar un paraguas a bordo e matalos, aquí eu creo que podías levar de todo, paraguas, desnudo, como queiras, aquí non había manías, diso non.... Había algunha que tiñan os patróns de pesca, non sei si agora as teñen ou non, que falar do raposo ou do cura era perigoso. Os patróns das bakas, si falaban do raposo a bordo, barco para terra e listo.

*¿Levábanse imaxes ou estampas de santos a bordo?*

Depende do amigo que foras, eu nunca levei nada deso. Había quen levaba allos.

*¿Como era a comida a bordo?*

A comida, depende. Se asabas sardiñas, puñas o fogón, puñas...partías a leña, púñala, como sería... coma un castillíño, arriba un pouco máis miúda, facías unhas virutas coa navalla, prendíaslle lume, e....

*¿Podías facer a comida aínda que o barco estivese navegando a vela?*

Si, si, ... Se había moito vento, entón non podías porque o barco iba de lado.

*¿Acordaste de algún refrán ou algunha cantiga de rivalidade con outros mariñeiros de portos próximos?*

Nós aquí... non vexo... un *pueblo* non se levaba mal co outro....



*¿Era habitual rezar a bordo ou bendicir a comida?*

Non, non, se había qué comer, comías e acababas.

*Quen decidía donde se ía pescar, ¿era o patrón ou interviñan todos?*

O patrón, *bueno*, sempre decía vamos a tal sitio, pero o que mandaba era o patrón.

*¿Como era o reparto da pesca ou das ganancias?*

Mitade para o barco e a outra mitade repartíase en "quiñóns", o patrón incluído, aínda que ultimamente dábanlle 2 quiñóns, pero antes era un quiñón.

*¿Para o rapaz tamén?*

Había quen lle daba ó rapaz medio quiñón, depende, eu sempre fun a un quiñón.

*¿Era habitual que o armador fose membro da tripulación?*

Había muitos que non, muitos.

*¿Os que tiñan lancha era a xente máis pudiente, que habitualmente tiña tamén terras?*

Si, si.

As lanchas, ¿onde se construían?

No Freixo, a maior parte; algunhas fixéronse aquí, en Lira, pero a maior parte viñan do Freixo, de varios carpinteiros...

Facíase algunha aquí en Lira, que as facía o pai de Miguel e dimpois Miguel.

*Ti tamén tés feito algunha...*

Si, axudaba, si, a última me parece que a

fixen eu, a última e a máis grande que había....

*¿E como se chamaba? ¿acórdaste?*

*Cristóbal*, o nome púxollo miña nai, tivera un rapaciño e morrera, e chamábase *Cristóbal*, pous un recordatorio do finadiño.

*¿Utilizabas planos?*

Non, non, a tí dicíanche, quero unha lancha coma aquela ou tal, ibas alí, sacábaslle ós dous tercios as plantillas, das principais, e dimpois facías unha tablilla fina e facías ti o barco á túa forma por arriba.

*As velas ¿quen as facía?*

A maior parte fíxenas eu. Facíanse dun pano que se chamaba cotón, dimpois máis tarde ven o brin, era unha tela que se conseguía na tenda, máis grosa ou máis fina.

*¿Que medida tiña que ter a vela?*

A parte de abaixo era tan larga coma a quilla, logo facíase a tira de barlovento, serían coma 40 ou 45 cuartas; dispois dábaslle á verga 18 ou, depende como fora a lancha, 18 ou 19 cuartas. Arriba púñaslle a escuadro e logo daquí tirábaslle 5 cuartas máis para arriba, para que fixese un pouquiño de pico, e dimpois atrás o que lle facía falta.

*¿De que madeira se facían as lanchas?*

Antes da nada tiñas que ir polo monte buscando carballo para a quilla e máis as cuadernas, para as cuadernas xa collías carballos tortos, ¿non sabes?; e dimpois, nada de maquinaria, tiñas un

serrón de punta, ou serrón e a serrar aquela peza, se era gorda, a inxola de poda e desvastar.


Dimpois era todo madeira de pino, e os remos tamén.

*¿En que se pasaba o tempo de espera no mar?*

Íase debaixo da tilla e quedaba un de guardia, e os outros a dormir, que daquela hasta non se dormía muito; tiñas que traballar, ibas ó millor o mar hasta media noite e dimpois polo día a sachar ou ir á terra (estrume) ó monte.



Porto de Lira.



*¿Era habitual aquí en Lira traballar no mar e ademais facer outro traballo?*

Traballar en terra, ó millor ibas ó monte a pasar terra, que daquela hasta non había terra nos chans, a pasalo en cestos e vías ir as lanchas para ó mar e tira.... cada un traballou no que pudo... claro.

*Cando tí empezaches a ir ó mar ¿canta xente podía ter Lira?*

Non sei, pero tiña que ter porque había moitos que tiñan 8 ou 10 fillos. Casas non, non había nin mitá delas; nin carretera, eu acordo facer a carretera esa.

*O porto só era unha enseada natural...*

Non máis.... era un curroucho aí, xa ves, nós levabamos o barco a Porto de Barca, que era máis san que esto. As casetas si, a maior parte xa estaban feitas.

A rampa fíxose máis tarde.

Os barcos varábanse e había mortos coma agora.

*¿Cal era o papel das mulleres naquel tempo?*

Traballar as terras. As sardiñas vendíamolas nós por mar. Ó millor collías moitas sardiñas e non tiñas a quen vender, iban aí a Mar de Lira e tocaban o corno....

As atadoras si traballaban....

*Cando se ían as raeiras, ¿desembarcábase nas aldeas para cambiar cousas?*

Si, houbo quen chegou a Poriño... alí ó lado de Ferrol. Si, íbase ás aldeas a cambiar raías ou centolos por patacas; patacas e boroa.

Tenme pasado, estando ós centolos, estar máis tempo do que esperabamos, ir 2 ou 3 a pedir

boroa, cambiar hasta non creo, sería para comprar... Chegamos alí a unha casa, dimpois de pasar por antros toxos, chegamos alí á porta da casa, petamos, chamáronnos para dentro e ibas pisando toxos ata a lareira.

*¿Como eran as festas?*

Antes era máis fuerte a festa de Lira, a da patrona, que os Remedios. A familia que era algo forte compraban

entre tres ou catro un pucho e matábano na ribeira e partíano. Nós sempre quedaban con medio e outro quedaban con cadanseu cuarto. Un día antes da festa facían rosco hasta non máis, montón, eu falo da nosa casa, había rosco para toda a semana. Ían buscar o pan a Muros e facíase festa, igual que o día de Pascua.

*¿Cantos irmáns érades?*

Seis.

*¿Era habitual 5 ou 6 fillos?*

Ou 8, 9 ou 10. O día de Pascua non se pasaba sin os ovos, tortilla de ovos, e acórdome que un ano, un irmán meu que morreu e mais eu, comemos candensua tortilla de 22 ovos.

*¿Acordastes de pasar fame?*

Eu non, pero tuvo que haber fame muita en Lira. Había unha veciña miña que quería que os fillos estiveran durmindo noite e día para non comer. Si home, houbo fame pero de certo.

*¿Cando cres que empezou o declive das lanchas e por que?*

As lanchas eran máis lentas e había que bogar, cando viñeron os motores...as xeiteiras motorizáronse poucas e tiveron pouca vida porque xa eran vellas.

*¿A quen se lle vendía o peixe?*

Ó primeiro ós salazons; tiñas que levalo ata Muros; acórdome que vendemos nunha ocasión en Laxeiras, 22 milleiros a 4 pesetas, porque meu pai era amigo do encargado.

Fomos comer á fonda dun tío meu, porque xa non tiñas ganas de facer de comer. Comemos asado que daquela o asado gustaba máis que agora, ca



fame que tiñas, e sobrou un peso... de toda a noite de bogar, sobrou un peso.

Dimpois viñeron os barcos que compraban de fresco de aí de Aguiño, de por aí eran. Dimpois xa vendías no mar, ós galeóns de Vilanova; viñan ó millor 10 ou 15 galeóns, quedaban aquí 2, outros iban para Fisterra, outros quedaban en Muros, daquela descargabas neles, contabas os milleiros e xa pagaban, cobrabas e tira.

*¿Coas lagostras pasaba o mesmo?*

Non; as lagostras había que levalas a Coruña. Levábaas un camión que salía de Fisterra.

*¿Cando desaparece a lagostra?*

Cando ven os miños. E desde esa empezou, porque alí colle todo, os miños acabaron co mar. Un do Grove largou en Meixide e colleu vintetantas lagostras que non sei se lle pesaron 2 ou 3 kilos.....

*¿Había antes máis peixe que agora?*

Escasez houbo sempre. Houbo 5 ou 6 anos que non houbo unha sardiña por aquí. Foi no 45 ou 50, disque había unha liña con auga fría alá fora, pous desa non houbo sardiñas por aquí. Antes había máis peixe e menos que o collera.

*¿O tempo era igual?*

Eu acordo invernos de 4 ou 5 meses de chuvia, coma agora. Había mal tempo e bó coma agora. Tamén se di, coa soberbia, que o peixe non sabe coma antes; eu todo o que como sábeme coma antes.

*¿Como se remaba nas lanchas?*

Si eran cinco homes. Iban o de proa, o do medio de babor, e dimpois no banco de leva, que iba sentado riba onde iban as pezas, na cadeira 3 remos e por aquí iba un, non, iba o de proa e un home, claro, polo *general* os máis fortes, e neste lado iba un no medio e outro riba da

cadeira e mailo patrón, que iba de couce, o lado do galleiro do palo.

*¿Había algún costume especial a hora de pintar os nomes?*

Non, pintábanse polos dous costados. Ós corchos das túas pezas *púñaslle* unha marca que distinguías ti.



Ramón Senande  
Foto: Maribel Longueira



Lancha Xeiteira "Canle". Foto: Maribel Longueira



Muros. R. Dimas



# ANDISÍAS E RUTÍAS: MAR DE MAR E MAR DE VENTO NA AROUSA E NA COSTA DA MORTE

Francisco Fernández Rei

*A meu pai, que morou nas augas da Arousa  
A Alexandre Nerium, mariñeiro (e poeta) de Fisterra*

*Dans tout ce littoral varié les marins galiciens ont créé un immense patrimoine immatériel avec des termes en rapport, entre d'autres concepts, avec les embarcations et avec les harnais traditionnels, avec la grande variété de la faune et de la flore des eaux de la côte, les endroits où l'on travaille, la conservation du poisson et des fruits de mer, des mots se référant au traitement des captures et aux croyances populaires, au temps et à l'état de la mer, tout en faisant une spéciale attention dans ce cas aux courants et aux vents, qui dans le port même peuvent reuvoir de différent noms, selon la saison de l'année.*

Galicia conta con 1.195 km de costa cunha gran diversidade litográfica, con zonas relativamente rectilíneas, que van alternando cos entrantes que forman as *rías*, voz galega ben coñecida internacionalmente des que por primeira vez a finais do séc. XIX F. von Richthofen definiu este concepto. O litoral está inzado de praias e de arnelas, e na batida Costa da Morte están os característicos *coí-dos*, pequenas enseadas con pedras traídas polo mar, que tantas veces vimos ennegrecidas polo piche ou ghalipote vertido polo *Prestige* cando os mares galegos choraban bágoas negras. Outras áreas da costa presentan grandes promontorios inzados de *cons*, *penas* ou *penedos* (as literarias “rochas” e “rochedos”) e *cantís*, como na serra da Capelada e, en menor medida, no tramo que vai do cabo Silleiro á foz do Miño.

En todo este variado litoral os mariñeiros galegos crearon un inmenso patrimonio inmaterial con termos referidos, entre outros conceptos, ás embarcacións e ós aparellos tradicionais, á gran variedade de flora e fauna das augas da costa, ás postas e ó tipo de terreo onde se traballa, á conservación do peixe e do marisco, ó tratamento das capturas e ás crenzas popu-

lares, ó tempo e ó estado do mar, con especial atención neste caso ás correntes e ós ventos, que nun mesmo porto poden ter nomes diferentes segundo a estación do ano. É o que ocorre en Cambados co *vento mareiro*<sup>1</sup> –título do emblemático poemario de Ramón Cabanillas de 1915–, que designa un ventíño maino e leve do noroeste, que na primavera e no verán sopra desde o mediodía á tardiña baixa, para no solpor ser substituído polo vento do nordés. En inverno o forte vento que vén do noroeste chámase *vento da travesía* ou *travesía* entre a xente do mar de Cambados.

Hai conceptos para os que en toda a costa



Cabo Fisterra

1. En Rianxo o *vento mareiro* é suave e pode soprar de calquera dirección, permitindo un bo navegar.

galega pode empregarse un mesmo termo, como ocorre con *axexo* para se referir á claridade leve que se dá pouco despois do solpor e antes de ser noite, mentres que para a claridade que precede a saída do sol existen diversas formas<sup>2</sup>, entre elas a arousá *luzada*, que Cabanillas introduciu no galego literario.

De prescindirmos das variantes fonéticas, nas catro grandes zonas en que se pode dividir todo o litoral galego –Rías Baixas, Costa da Morte, Golfo Ártabro e Cantábrico– úsase practicamente a mesma forma para invertebrados como *ourizo*, *cangrexo*, *lumbrigante* e *xiba*, para peixes como *quenlla*, *morea*, *ollomol* e *solla* e para un mamífero mariño coma o *arroás*, como se ve nas monografías sobre a nomenclatura da fauna e a flora marítimas de Galicia da autoría de Ríos Panisse e Santamarina.

Outras veces os conceptos presentan variedade léxica cunha certa distribución xeográfica, con termos “proprios” das Rías Baixas coma os invertebrados *pateiro* e *caramuxo* (ou *caramuxa*) e os peixes *bocareu*, *xouba* e *rapante* fronte ós correspondentes *patexo* (e *pato* ou *patelo*), *mincha*, *bocarte* (ou *mocarte*), *parrocha* e *meiga* do resto do litoral; ou ben é o Cantábrico o que presenta un léxico característico, mais non de xeito exclusivo, como pasa co *chicharro* verbo de *xurelo*<sup>3</sup>.

Algúns conceptos teñen unha clara distribución. É o caso do órgano respiratorio dos animais acuáticos, que se denomina *gala* (ou *ghala*) no Cantábrico e no Golfo Ártabro e *ghalada* na Costa da Morte e nas rías de Muros e da Arousa, mentres que de Portonovo á Guarda se chama *gherla*, que corresponde a *guerla* de todo o litoral



O Serrido. Cambados. Foto: Adela Leiro

2. A claridade da mañá chámase *alba* en Foz, San Cibrao e Bares, *albor* en Cariño, *día claro* en Cedeira, *alba* e *amanexo* en Sada, *albarecer* en Malpica, *clarea-lo día* en Laxe, *día claro* en Muxía, *abri-lo día* no Sardiñeiro, *alborada* en Portosín e no Porto do Son, *aurora* en Ribeira, *luzada* en Rianxo e Rianxo, *alba do día* en Cangas do Morrazo, *blanca do día* e *clara do día* en Panxón e *día alto* na Guarda.

3. Os termos poden ser comúns ás Rías Baixas e á Costa da Morte, como *barbo* fronte ó *salmonete* ou *arneirón*, neste caso con diversidade léxica nas outras zonas (*caracul*, *cascarín*, *cuco*, *raña*, *sarrio*...).

portugués, desde Caminha a Vila-Real de Santo António. Non é tan clara a distribución no caso dos nomes da cuncha de caracol mariño grande, que furada pola punta, se pode facer soar soprando e que se denomina *cornu* no Cantábrico e en portos das Rías Baixas e da Costa da Morte, mentres que a literaria *bughina* se ouve entre Portonovo e Ares, xunto con formas como *caracola*. Só os mariñeiros da Guarda lle chaman *apupo*<sup>4</sup>.

A acción da corrente e da forza do propio mar, así como o efecto do vento sobre a auga do mar, orixina unha variada terminoloxía en todo o litoral, non doada de sistematizar, en parte porque é moi distinto o mar na costa e no interior das rías. Nas liñas que seguen voume referirme a como se ve ese “mar de mar” e “mar de vento” en Cambados, no costado de leste da ría da Arousa, e en Fisterra, na Costa da Morte.

En Cambados a *andisía* designa a forza do propio mar, sen a acción do vento. A *andisía* adiviña mal tempo, pois indica que hai moito mar na costa, aínda que desde terra se vexa o mar en calma. No interior da ría nótase cando, mesmo en días de bonanza, o mar *escachoa* nas pedras e os

cabos estrican ou triscan cos *estruchóns* desa forza do mar sen vento, que parece que quere romper a obramorta do barco. Cando baixa o mar, a *andisía* deixa debuxadas unha especie de ondas na area da ribeira; e cando enche o mar, en días de calma, a *andisía* fai que ese mar escache nas pedras, como se ve no “malecód” do Ríos dos Fornos, no final da ribeira de Fefiñáns, onde antano atracaban “peilebotes” para descargar tella e tixolos para o almacén que había na Calzada onde hoxe está Expo-Salnés.

Despois da *andisía* chega o mar picado, o mar de temporal, a *marusía*, que pasa a ser *marusía real* se é moi forte. Cando calma a *marusía* –termo que Cabanillas introduciu no galego literario–, especialmente en zonas de mar e terra, como é o cabo de Tragove ou zonas da boca da ría da Arousa, queda un “cheiro a marusía”, un olor a salitre e a bravío de mar mesturado con olor a piñeiro que vén da terra; de aí o verso “cheira a resina, fiúncho e marusía” de *No desterro* (1913) do poeta cambadés. Ese cheiro nótase tamén no peixe cando a caldeirada está mal cocida, o que fai que se diga que o peixe “sabe a marusía” ou que “sabe a frescoallo”.



4. Esta voz deriva de *apupar*, isto é, facer “pu-pú” cun corno ou cunha caracola. Na Guarda *apupar* era tocar o *apupo* desde terra para os mariñeiros se orientaren cando o porto estaba fechado de néboa.



Fóra de Sálvora, na costa, a forza do mar levanta *camoucos*, grandes ondas que acaban producindo *escachoadas* cando vén o vento. No interior da ría da Arousa son raros, aínda que pode haber *camouquiños* no chamado “canal”. Cando na costa hai temporal dise que hai *mar ghrande*, con ondas de varios metros chamadas *movellas* (ou *bobellas*) producidas por “tres ou catro risos de vento”<sup>5</sup>. Sen vento non hai *movellas*; e de seren grandes, abren e rompen orixinando as escachoadas.

Igualmente no mar aberto, nunca na ría, hai *trancallada* polo contraste de dous ventos sobre o mar. Cando morre, p. e., un sur duro, a *baldrascada* que ese vento orixina queda viva no axitado mar; o vento novo, que pode vir do norte ou do noroeste, vai chocar co forte mar picado producido polo sur orixinando fortes trancalladas, porque o novo vento non ten aínda forza para abater o mar picado pola acción do sur duro.

En Fisterra a *ardentía* (ou *mar de ardentía*) é o mar de fondo, que orixina *ombros de mar* ou ondas, que ó seren moi grandes dise que hai *unha vaga de mar*. O mar de fondo provoca *tombos* ou golpes de mar que rompen nos baixos, nas praias ou no espigón, e que en terra indican a existencia dunha vaga de mar. O tombo pequeno é un *cachón*, mais cando o mar de fondo produce unha onda xigantesca, que pode ter máis de 15 metros de alto, fálase dunha *vaga de mar campal*, o que os vellos fisterráns denominaban unha *murisía de mar*.

Na costa de Fisterra, e se cadra en toda Costa da Morte, existe un tipo de marusía, acompañada con algo de mar de fondo, que indica un cambio de tempo ou unha “vagha de mar”. É o que os mariñeiros chaman o *ron*, de aí a frase “hai ron de fóra”, que significa que o mar anda revolto, que hai *trapallada* ou *trancallada*.

O mar de vento na Costa da Morte orixina as *rutías*, ondas grandes ou pequenas, mais sempre producidas polo vento. Cando hai moito vento e o mar está en calma, dise que o mar “non bule”, que está “pegado ás pedras” ou que non ten *relas-*

*ca*, termo que designa os pequenos cachóns que de cando en vez baten nos cons con forza e que van deixando o brancor da espuma pola costa. Neste caso “corre o mar” ou *relasquea*.

A liña de argazo ou de broza que se forma na area da ribeira ou da praia, e que indica ata onde subiu a marea, chámase *mallente* en Cambados, forma ben documentada na poesía de Cabanillas. Unha mostra está na tradución da oda LV de Anacreonte, de *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955):

e a Venus volutuosa,  
tida das deusas pol-a máis fermosa,  
surdida nas escumas do mallente  
bañada en luces de doirado abrete,  
“A da carne de rosa”.

Outra mostra está no poema solto sen datar “Xa é hora”, versión dun texto de Rabindranath Tagore:

Xa é tempo. As ondas corren  
horas e horas, en desmaio  
No prácido mallente da ribeira  
cos seus beixos de espuma  
bican a area docemente  
e morren.

A forma segue viva en Cambados, pero con xénero feminino, a *mallente* para a liña de “esterco” e broza na praia. Tamén se fala da *mallente da beirada* para designar a parte do “baixo” onde comeza a “beirada”. En moitas beiradas da ría hai moito “esterco”, o argazo que o mar acabará levando para a ribeiras e as praias.

En Rianxo (e tamén en Noia e Muros) dise a *mallante*, que me definiron na vila de Castelao como lugar “onde malla e bate o mar, e nótase na porquería que deixa na praia”. O rianxeiro Manuel Antonio úsaa nun poema de *Viladomar* (1928):

Por eso o meu corazón  
coma un paxaro n-a man  
latexa o mesmo pulso  
baixo a pauta que o retrayo  
reitera n-a mallante.

5. En Fefiñáns dise *movellas* e “un riso, dous risos... de vento”, mentres que en San Tomé, o outro barrio mariñeiro da vila de Cambados, fálase de *bobellas* e de “un ris, dous ris... de vento”.



As *mallantes* das abrigadas praias das Rías Baixas, que especialmente nas mareas vivas equinocciais van indicando os distintos puntos ata onde foi enchendo o mar, descoñécense na Costa da Morte. Igual que a xente do mar da Arousa non anda ás *crebas*, termo con que os fisterráns designan os restos de naufraxios ou cargas dos barcos que o mal tempo guinda ó mar, especialmente cousas que flotan, como madeiras que se ían buscar para queimar ou facer bordas das chalanas, chalecos salvavidas, botes de pintura ou bolas de piche que servían para carenar os barcos.

O ourensán Méndez Ferrín usou esa voz no poemario *Estirpe* (1994):

“Pior fono os de Melpica  
que –coma sempre, coma sempre– puxeno fachos  
deica Pennmarc’h  
e fixeno ceifa nos dentes de ouro dos afogado.  
E andaran ás crebas!”

A noiesa Ana Romaní empregouna nun poema de *Arden* (1998):

Que os cachalotes me suban polas pernas  
e me deixen un rastro feroz de travesías

Que a súa pel me fale dos eclipses

que sexan eses corpos os rastros que debulle  
cada tarde nas crebas

E o fisterrán Alexandre Nerium usou ese termo nun quinteto de *Vogar de cose* (2003):


Non se ha picar o mar para arrincar cachopas  
-sima-cima de voar do tolo igual cás pegas-  
senón para alagar os cadernais, as bozas...  
Rexeitar o changuí preto á esveltez das ondas  
onde a miñoa dá seu buligar ás crebas.

Os crebeiros de Fisterra tamén ían ás *pacas* (ou *alpacas*) e ós *cavacos* que o temporal traía ás praias e ós coídos. As *pacas* eran bloques de caucho cos que se facían solas de zapatos, que se pagaban moi ben, polo que o crebeiro que dese con unha xa “tiña o inverno zafo”. Os *cavacos* eran troncos de leña caídos dos barcos que se procuraban nas praias, porque a xente do mar non tiña monte para ir buscar leña.

Sirva isto como breve mostra do grandioso patrimonio inmaterial do léxico do mar creado por xeracións de galegos das rías e da costa. Un léxico vivo que, xunto coa fraseoloxía con sabor a salitre, cómpre seguir recollendo, puíndo e transmitindo, á vez que se procura unha beiramar e unha cultura marítima viva, non museística.

Percebeiros  
da Costa da Morte





Fefiñáns ao fondo. R. Dimas

## MEMORIAS DE MAR E CEBOLA

Manuel P. Rúa



Mulleres de Carnota. Foto: Ruth Matilda Anderson

*Sur la vie de Ruth Matilda Anderson nous connaissons peu de détails pour expliquer la parenthèse entre 1893 et 1993, sa Nebraska de naissance et sa New York de la mort. On ne connaît pas grand-chose non plus sur Anita Conti, qui est morte en 1997 à l'âge de 98 ans à Douarnenez (Bretagne). Pourtant les deux femmes ont un savoir-faire qui fait devenir leur travail très intéressant.*

*Les deux biographies se transforment en des apologies lorsqu'on les fait monter d'un échelon au-dessus des humains, en les plaçant sur le podium de l'héroïsme. On dirait qu'un doigt surnaturel se serait posé sur elles, une sorte de prédestination qui aurait fait que leurs histoires deviennent des vies exemplaires.*

Somos o que ignoramos. Nas biografías non se di o máis interesante e debemos aprender a ler nos silencios do interlocutor. O atractivo de Buñuel é o que non conta de si mesmo e pon de manifesto a través das elipses cinematográficas ou os cabos soltos da súa biografía. Igmarr Bergman, tan trascendente e respetuoso como cristián criado no temor da ideoloxía, rexeita unha visita ó seu pai que padecía un tumor maligno, nun acto de impiedade pouco militante da causa. Rousseau, paseando de muller en muller á procura dunha sal-

vación que a súa imaxe de sabio lle negaba. Leni Riefenstahl describindo os anos felices entre xeos da Escandinavia mentres Hitler...

As memorias son incoherentes e contradictorias porque hai demasiados eus aniñando na mesma persoa durante unha vida. Lembrar é a capacidade para fuxir e esquecer aquilo que valora-



mos como pouco levadeiro na nosa existencia. Evitar que a memoria acabe sendo como a cebola: retirando unha capa tras outra para chegar ó remate e chorar.

Daquela, a memoria batalla contra a memoria e, sobre todo, contra a realidade. Memoria é a recreación sobre o acontecido, non a verdade nin a existencia real, como tampouco a historia non é o que sucedeu senón a súa reinterpretación escrita.

Xogamos pois a desmontar o castelo dos herois facendo unha brincadeira, un divertimento sobre a ollada, a obra gráfica e a vida de Anita Conti e Ruth Matilda Anderson, aves migratorias que atravesaron o século pasado cunha cámara fotográfica ó lombo.

Sobre a vida de Ruth Matilda Anderson sabemos moi pouco para explicar a paréntese entre 1893 e 1983, a Nebraska do nacemento e a Nova York da morte. Tampouco de Anita Conti,

que finou en 1997 con 98 anos en Douarnenez (Bretaña), sabemos gran cousa. Pero as dúas mulleres teñen un aquel, un recendo que fai interesante o seu traballo.

As súas biografías transfórmanse en apoloxías cando case as erguen un chanzo por enriba dos humanos, acadando ese difícil estadio da heroicidade. Parece como se algún dedo sobrenatural se tivese pousado sobre elas, unha predestinación que convertise as súas historias en vidas exemplares.

Pero poñámoslles nas mans cadansúa cámara fotográfica, ese instrumento de crear e transformar mundo e realidade, un trebello que as fai aparecer coa autoridade do director de escena: un pouco máis alá, agora quieta, non peches os ollos..., o poder do poder da convicción de quen sabe que, ó outro lado da cámara, os retratados fan daqueles poucos segundos unha espera transcendente.



Anita Conti en Terranova





Foto: Anita Conti

*Bien coiffés*

*Bien vêtus*

*Ils regardent droit devant eux*

*Conscients de poser pour l'éternité...*

Difícilmente as persoas resisten a tentación de non verse penduradas dunha parede caleada ou de recoñecerse nesas grafías de branco e negro, pequenas como estampas de correos, de borde troquelado, que perden o fixador co tempo tomando a cor marela ou sepia, tintura do tempo pasado, como a pequena leiteira de Ruth Matilda Anderson que xa chamara a atención de Luís Seoane e que forma parte da iconografía máis tenra e humilde da Galicia miserenta que durou ata a metade do século XX ou o xove mariño que le unha carta a bordo en Boulogne-sur-mer en 1931, retratado por Anita Conti.

A arte popular representa o mar como paisaxe, dramaturxia nos naufraxios e retratos de superhomes de aceiro, oxidados pero rexos coma modelos para a escultura. Pequenos ou maiores,


pero case sempre co aire trascendente dos herois masculinos. No libro de Ruth Matilda hai unha fotografía que se repite en todas as culturas marítimas do mundo: paisano con pucha, liñas de pesca ó fondo, barba de días, enrugas, ollada no infinito. Convertendo ó paria nun heroe, o pé de foto chámalle *sea wolf*.

Pero o libro é tamén un álbum de cegos, torques, salabardos, puntillas, tunos, peregrinos, cregos, mariñeiras, campos de verdura, mulleres equilibristas con algas na cabeza, vacas, porcos, románico, textos e citas cultas, toda a colleita desta muller-andoriña que desembarcou en 1924 no porto de Vigo para tirar milleiros de negativos, revelados despois nos hoteis, de noite.

Quen falara cos mariñeiros sabe que o mar de Terra Nova non é o de Sudáfrica, As Malvinas, nin sequera o Gran Sol senón outro mundo. Anita Conti embarca cunha Rolleiflex en 1939 no bacallaeiro Vikings rumbo ós mares de Terra Nova e Barents.



La lettre. Foto: Anita Conti



Sea wolf. Foto: Ruth Matilda Anderson



Foto: Anita Conti

Cando a costa desaparece, chamamos mar maior, alta mar ou océano -como se o mar tivese lindes- a un deserto de auga e vento onde a maior parte do tempo hai frío, a máquina non para de producir bafaradas negras de carbón e a ollada é unha vista á nada, a paisaxe sen paisaxe que di Caballero Bonald.

A embarcación é unha reprodución da división social da época. Baixo o castelo de proa van os mariñeiros e na ponte, en popa, os oficiais. Hai días que non se vén, outros que toda a noite escoitan paxaros nos camarotes de ferro remachado, venteados e sulagados, onde apenas hai tempo para tomar algo quente entre lance e lance.

Anita Conti na cuberta do bacallaeiro é unha exposición ó desexo dun coro de homes no espazo dun claustro que compartirán durante toda a marea, o argumento principal da travesía, unha presenza poderosa, o bule-bule dos mariñeiros ante a invasión dun ámbito exclusivo da masculinidade. ¿É un reto?, ¿unha fuxida?

Ruth Matilda Anderson, na escrita dos seus biógrafos, leva unha educación formal e acada gran nivel de detalle nas descrições das fotografías e na escrita sobre as impresións da Galicia do primeiro terzo do século XX. A súa formación antropolóxica permítelle trazar o noso país como un topógrafo ou un agrimensor. Viña de

Nova York cos ollos de quen busca o distinto, o contraste, outras culturas. No autobús, chámalle a atención a perorata dun viaxeiro, os laios e maldicires por mor dos nosos camiños intransitables. Despois, el baixa na súa parada e pasou todo. Un inglés nesta situación -di ela- escribiría unha carta formal ó Times, pero o galego interpreta e despois queda en silencio.

Funcionamos con estereotipos. O libro sobre Anita Conti chámalle a dama do mar como se fose o seu apelido. Farib Abdeouahab escribe dela como humanista, de forza extraordinaria, solitaria e altruísta, comprometida..., o retrato da retratista no Olimpo mitolóxico, o discurso da arte marítima cun plus de mérito polo risco da muller que traballa sobre o cantil do cemiterio mariño, o sobreesforzo, a incertidume e o perigo.

Moitos anos máis tarde, José María Castroviejo ou Manuel Rivas relatan escenas de camarote, tempestades e gaivotas no Gran Sol, mar que estala tras o ollo de boi como nunha lavadora. Anita Conti retrata o son do pequeno sino de a bordo cada vez que o barco escora, lembranza e banda sonora do tocar lento de mortos, presaxios e sinais, cultura de loito pero tamén beleza na traxedia, estética do mundo inquietante, augas que saltan pola amura, homes-bacallau dun entroido naval, nenos de cando ser neno non só non impedía ir ó mar senón que se consideraba unha iniciación imprescindible, homes-póster nos catres duns camarotes deseñados para ocupar o mínimo espazo, nunha embarcación-factoría onde prima a bodega, de sal ou de xeo para converter o bacallao en cobizado alimento para tempos de fames.

Non sabemos como levaba Anita Conti as comidas a bordo pero si que malia que o camareiro do hotel da Coruña lle insiste en que a tetilla non é un queixo fino, Ruth Matilda Anderson gusta dese sabor acedo que ela relaciona co auténtico, unha especie de *soul food* de Galicia.

Nunha época hermética e machista, de estigmas e rexoubeos, ignoramos como levaron a independencia que hoxe louvamos. As súas contribucións fotográficas son innegables, o seu labor imprescindible para comprender moitos acentos da nosa cultura marítima. As imaxes de ambas

teñen, como di Ferrín, a capacidade de convocar pantasmas, máis alá da importante ollada antropolóxica.

Tan lonxe da casa, Ruth acobadada na baranda do trasatlántico que a traía a

Vigo, entrando pola ría e ollando a paisaxe como un animal mitolóxico deitado rente ó mar, pensando na súa infancia de encaixes mentres Anita Conti en Terranova, parapetada con abrigo e roupa de augas detrás do cristal embazado, soña iluminada por todas as miradas que ten retratado.

Nada tan obscuro como a mirada. Moitos anos despois de entregado o seu traballo, son dúas mulleres observadas en libros, exposicións e biografías.

Para esquecer a memoria de cebola, as andoriñas viaxeiras queren verse retratadas, queridas e aloumiñadas nos centos de ollos ribeiráns, nenos e mozos que asubían o seu paseo polas xarcias dos vapores, esa arquitectura no aire, unha camiño de Vigo, a outra na néboa do mar de Barents, dúas rapaciñas a punto de voar por enriba das augas, gaveando nun chouto polo arco da vella ata chegar ó fume dos cafés marítimos de Douarnenez ou ós teatros de Broadway, cheos de mariñeiros, agardando á raíña dos piratas, porque así era e non era.

Agora vémolos ben vestidos e peiteadas, conscientes de teren pasado á eternidade e ollamos no caderno de bitácora unha pequena fotografía esvaída, cos bordos recortados, onde aparecen elas dúas sentadas nun bambán que é a un tempo un berce, un barco e un arrollo de buguina na néboa.



## ¿POR QUE EN BEIRAMAR HERDAN A CASA AS MULLERES?

Xosé Ramón Mariño Ferro

*La Galice fait partie, depuis le Moyen Âge, de la culture traditionnelle européenne. On pourrait dire que la culture populaire galicienne est une variété de cette culture traditionnelle de l'Europe, et même à l'intérieur de la Galice il en existe aussi des variétés. Par exemple, les habitudes de la côte sont différentes de celles de l'arrière-pays dans plusieurs aspects, ainsi que dans les règles de l'héritage.*

*C'est bien connu qu'à l'intérieur de la Galice, à la campagne, c'est le fils aîné celui que reçoit en héritage la ferme et la plupart des propriétés. C'est étonnant donc que sur la côte l'habitude soit différente.*

Galiza forma parte, desde a Idade Media, da cultura tradicional europea. Podiamos dicir que a cultura popular galega é unha variación desa cultura tradicional de Europa. Pero mesmo dentro de Galiza existen variantes. Por exemplo, os costumes da costa difiren dos do interior en bastantes aspectos. Nas normas de herdanza, sen ir máis lonxe.

É ben sabido que na Galiza do interior, na Galiza labrega, herda a casa, e boa parte das propiedades, o fillo varón máis vello. Sorprende, polo tanto, que na costa o costume sexa diferente.

Nas comunidades mariñeiras as normas sobre a mellora non son moi ríxidas. Normalmente recíbea unha filla, preferentemente a máis nova, pero abundan as excepcións. A mellora case sempre consiste na casa e, ás veces, o barco ou algunha leira; o resto divídeno a partes iguais.



Os interesados xustifican a preferencia polas mulleres con diversos argumentos. Din que convén favorecer as fillas porque os homes ábrense camiño na vida máis facilmente. Din tamén que as fillas, máis cariñosas que os fillos e, por suposto, que as noras, coidarán mellor os pais na súa vellez. Algo co que probablemente tamén están de acordo os labregos da zona de mellora masculina, pero as circunstancias obríganos a renunciar ás fillas.

Aínda que nas parroquias e vilas da costa prefírese a manda matrilineal, na elección do herdeiro xoga un papel destacado a relación persoal cos pais. As normas non son tan ríxidas como na Galiza interior. Un pai non dubidará demasiado en mellorar calquera das fillas, non necesariamente a máis nova, ou incluso un fillo, se as relacións son mellores que coa candidata preferente. Coa melloira compensará os coidados recibidos.

Un terceiro argumento a favor da herdanza das fillas é que estas transmiten a liñaxe con maior fiabilidade:

*Os fillos da miña filla  
 todos meus netiños son;  
 os fillos da miña nora  
 quizais si, ou quizais non.*

Pero hai máis razóns, que non sempre son conscientes para os propios interesados. Ao non ser a agricultura a actividade económica básica nada forza a preferencia polos varóns. Nas sociedades agrícolas con arado o traballo da terra, e polo tanto a herdanza das propiedades, sempre está en mans dos homes. Poderíamos mesmo afirmar que o arado é unha das causas do machismo.

As comunidades mariñeiras non dependen fundamentalmente do agro. Nada, pois, forza a que exista mellora masculina. En cambio, a melloira da filla ten as súas vantaxes. Se tras o matrimonio as esposas acompañasen os maridos ás súas casas, terían que convivir coas sogras sen o home durante os meses que eles botan na pesca de altura; e peor aínda sería se o esposo falecese nun dos frecuentes naufraxios. Tívoise en conta, e con razón, que a esposa do mariñeiro que bota meses fóra da casa ou a viúva está máis protexida na casa de seus pais. E por iso na zona costeira o matrimonio ía vivir á casa da noiva; e por iso, as mulleres herdaban a casa.



## **BREVES APUNTAMENTOS SOBRE A ESPECIFICIDADE DO HOME DE MAR**

*Francisco Calo Lourido*

**E**n Galicia, o mesmo que no resto do mundo, as comunidades de pescadores foron formadas a partir doutras agrícolas. O espacio asignado non me permite máis que dogmatizar, sen poder xustificar os asertos, ben documentados noutras publicacións miñas.

Antes do S. XII non é doado falar de asentamentos de pescadores nin en Francia, nin en Inglaterra, Norte de España ou Galicia. No Mediterráneo, aínda no S. XVI, no que Braudel centra a súa magna obra, eran moi escasos os verdaderos portos de mar con xentes dedicadas á pesca, polo que non ten outra opción que se centrar no campesiñado, mesmo cando fala das grandes illas, onde hai agricultores ou pastores, pero todos vivindo de costas ó mar.



*Les communautés de pêcheurs sont formées par des hommes qui ont été auparavant des paysans. Du moment qu'ils ont décidé d'aller à la mer, la mobilité de ce nouveau milieu physique a modifié leur perception et leur représentation mentale du monde. L'étendue de la vision du monde du marin change beaucoup par rapport à celle du paysan, ce qui vient donné par le milieu physique dans lequel il développe son activité.*

As comunidades de pescadores están formadas por homes que antes foron labradores. Desde o momento en que decidiron entrar no mar, a mobilidade deste novo medio físico transformounos e modificoulles a percepción e a representación mental do mundo. A tan diferente cosmovisión do mariñeiro respecto da do labrego vén dada polo medio físico no que desenvolve a súa actividade.

O mar é un elemento hostil e o home só se fai mariñeiro, cando non ten outra alternativa. E así, os desamparados da fortuna, os que non tiñan terras ou os que, como no caso dos galeses comentado por Carlos Marx, son expulsados delas teñen que colonizar a costa e se facer mariñeiros. Sentado o anterior, o que agora me interesa é o feito de que, partindo dunha mesma orixe -a terras- despois de levar un tempo vivindo do mar, os



aspectos cognitivos existenciais, a cosmovisión deste home mudou totalmente con respecto á dos seus ancestros. ¿Cal pode ser a razón de tal mudanza? Eu non lle atopo outra explicación racional e convincente que non sexa a influencia do medio físico no que agora desenvolve o seu traballo e os medios de produción (barcos e aparellos) que emprega. Mentres foi labrador, desenvolveu toda a súa actividade nun medio sólido, estable e estático, mentres que agora ten que se zafar nun medio líquido, inestable e sempre en movemento. Todo se move: o mar, o barco, os aparellos, os peixes... Xa nada está quieto. A terra é case inexistente, a casa é minúscula e as máis das horas da vida transcorren enriba dunhas táboas húmidas que non deixan de se mover.

Chega un momento en que o home se volve case anfíbio, en que se sente máis seguro no mar que na solidez da terra, onde todo lle resulta máis estraño, onde, como diría Brandão, "perde en agilidadade e equilibrio, hesita, balouça-se, não sabe onde há-de pôr os pés". Podemos dicir que xa pertence a esa terceira clase de seres da clasificación de Anacarsis (S. VI a.C): "Hai tres especies de seres: os vivos, os mortos e os mariñeiros". E o referente do mariñeiro será o barco, ó que se afará desde os xogos infantís. El será a súa verdadeira morada. E as súas ferramentas serán os aparellos. No mundo labrego só hai un instrumento con vida propia: o carro. Del din os campesiños que carga ben, anda ben, canta ben, etc. E, cando rompe, non vai ó lume, senón que continúa na casa, pendurado na parede dun alboio. O resto dos trebellos son seres inanimados que dan bo ou mal traballar, pero non traballan eles. No ámbito mariñeiro todo está vivo: o barco anda ben, goberna ben... E cos aparellos sucede o mesmo: as betas, pezas, trama-llos, nasas... pescan ben ou mal, traballan ben ou mal e así, se as betas non pescan hai que as desfacer e armalas de novo para que pesquen. Tanto barco como aparellos son percibidos polo mariñeiro como entes con vida propia. Non así os trebellos de marisqueo en terra, que dan ou non dan xeito; pero é sabido que o marisqueo non era traballo de mariñeiro, senón de labrego e os instrumentos (sachos, anciños...) eran os mesmo que os

de traballar na terra. Posiblemente os aparellos sexan seres vivos, porque teñen que capturar peixes, presas que se moven; notemos que tamén as escopetas disparan ben ou mal, tamén teñen vida.

Así como as fincas sempre están, barcos e aparellos son algo efémero. Hoxe están e mañá levounos o mar. Os bens do mariñeiro son sempre inseguros e o armador pode non ter nada despois dunha marusía. Tódolos seus bens son continxentes. Nada é seguro, todo é cambiante e incerto e o mariñeiro, desde que decidiu entrar no mar, vivirá nun movemento perpetuo. Aínda cando para os ollos do profano o mar estea chan, chega con subir a unha chalana para notar que se move, e eternamente está enchendo ou devalando. A cor do mar nunca é igual. Se preguntamos a uns alleos cal é a súa cor, moi probablemente a resposta maioritaria será azul, seguida de verde; pero eu estou agora vëndoo (teño esa sorte) por riba do ordenador, a traveso da fiestra, e podo asegurar que é gris prata.

E outras veces é vermello, louro, rosado, castaño, cincinto... "Irisado, como as escamas dos peixes... Sen cor, como a angustia das que não têm sequer um cadáver para velar", como tan fermosamente dixo Brandão.

Cando o labrego decidiu entrar neste novo e tan distinto mundo, todo mudou para el. Nunca máis nada volverá a ser estable e a comunión home-mar será absoluta. A relación de amor-odio, de respecto-amizade será tan íntima que xa non poderá vivir de costas a el. Como dixen antes, o home converterase en anfíbio e latexará ó ritmo do mar, vivindo e morrendo con el. O varias veces citado Brandão fixouse tamén en que este home non só vive, desde o nacemento, en íntima fusión co mar, senón que, as máis das veces morre nel; pero tamén dixo que, así como "O contacto com a terra obriga o homem a olhar para o chão, o convívio com o mar obriga-o a levantar a cabeça".

Esto fai que as súas miras sexan diferentes, que, a diferenza do labrego, teña un espírito xeneroso ou, como diría D. Xaquín Lorenzo, a quen homenaxeamos este ano, "A incertidume da súa vida, sempre por riba das augas treidoras, dá a istes homes un espírito xeneroso e un amplo concepto da vida e das súas pasións", pois




"Semellantes aos croios que o mar axota ás praias, estes homes perderon ao contacto co mar as aristas que se sinalan ferintes en moitos aspectos da vida campesiña". Teño explicado noutros traballos o porqué da diferenza da xenerosidade entre os labregos e os mariñeiros, tomados obviamente como algo xenérico e sen valoración negativa para ninguén, como tampouco é negativa, senón indispensable para a supervivencia do pescador, a envexa, o mesmo que o factor sorte ou o fatalismo, o *fatum*, do que depende a súa vida e que posiblemente non sexa alleo ó feito de que o "Fado" nacera nunha cidade portuaria como Lisboa, onde tantos homes se embarcaron "para navegar por mares nunca denantes navegados" e endexamais regresaron.

*Precisamente, a falta de espacio impide as citas bibliográficas. Para xustificar o que expoño, remito ó traballo resumido nesta breve nota: CALO LOURIDO, Francisco (2004): "Patrimonio móbil, fluído e movemento perpetuo conforman a praxe haliéutica e a cosmovisión do home de mar". In Actas do I Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego. In memoriam Xaquín Lourenzo Fernández "Xocas". Deputación de Ourense, Ourense, pp. 93-104. Por mención explícita de texto, debo citar: BRANDÃO, R (s/d): Os pescadores. Publicações Europa-América. Mira-Sintra. LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1969): "O mar terra adentro". Revista de Etnografía. Vol VIII, T. I. Porto, pp. 105-112.*



Foto: Bellver



A Lanzada. R. Dimas

## MORFOLOXÍA E ANÁLISE DO SISTEMA FOLCLÓRICO TRADICIONAL EN GALICIA: A CULTURA MARIÑEIRA.

Alberto Barreiro Docampo “Warren”

*Morphologie et analyse du système folklorique traditionnel en Galice... D’abord on traitera de voir dans ce petit résumé comment organise-t-on un système de valeurs assez complexe. Depuis longtemps, les évaluations sur cette expression culturelle et ses analyses ont été toujours partielles ou non suffisamment exhaustives, c’est pourquoi il reste encore à faire un abordage définitif du sujet folklorique en Galice, que jusqu’à présent a été laissé à la dérive entre les mains des amateurs que, bien qu’ils aient prêté tout leur amour et intérêt au sujet, n’ont pas toujours eu les ressources nécessaires pour cette immense tâche.*

Non é tarefa doada sentar unhas bases de análise que lle podan servir ao alleo para ter unha visión global do que é o folclore tradicional en Galicia ou examinar en que medida podemos distinguir as particularidades do sistema da sociedade mariñeira.

O primeiro que temos que abordar neste pequeno resumo é como se organiza un sistema que, en principio, é moito máis complexo do que pode parecer a simple vista. Desde sempre as valoracións sobre esta expresión cultural e as súas análises foron ou parciais ou non de todo exahustivas, polo que aínda está por facer unha abordaxe definitiva do tema folclórico en Galicia, que ata o momento foi deixado á deriva en mans de amadores que, se ben prestaron todo o seu amor e ansia ó tema, non sempre tiveron os recursos precisos para esta inxente tarefa. Non convén esquecer que, no que atinxe ao folclore musical, os estudos como os feitos por Dorothé Schubarth, que podemos anotar como o máis completo e serio feito ata o momento, a pesar da sensacións institucional de traballo rematado e definitivo, aínda se nos presenta como lonxano de ser un traballo total, no que toda a complexidade do cancionero musical galego se vexa reflectido e analizado.

Intentaremos agora achegarnos ó folclore desde unha visión xeral de ritmos e expresións. Se atendemos ós bailes tradicionais e ás danzas, non podemos deixar pasar por alto que moitas das clasificacións ata o momento feitas se viron mediatizadas polos bailes ou “danzas” de escenario

que o mundo dos “Coros e danzas” de principios de século XX ou da “sección feminina” do período tardo-franquista, que buscaron formas de chamarlle ás postas en escena que respondían máis á necesidade humana de chamarlle ás cousas por un nome (polo seu nome) que a unha clasifi-



Foto: Xacobe Meléndrez

cación real de bailes ou músicas, logrando descrições que atendían máis a como se distribuían os “bailaríns” no baile ou como comezaba a posta en escena que a criterios rítmico-musicais. Temos que ter en conta tamén que a busca dun pasado mítico, moitas veces guiado polas teorías celtistas, levan a interpretar motivacións espirituais ou simbolistas a bailes que simplemente teñen unha xustificación lúdica.

No mundo do baile hai un criteiro moi extendido nos diferentes estudos<sup>1</sup> que diferencia entre Danzas e Bailes. As danzas caracterízanse polo seu carácter predeterminado, fixado ou ensaiado e os bailes polo seu carácter lúdico, improvisado, non fixado. Nas danzas, o carácter relixioso ou pagán non nos parece moi pertinente, xa que a Igrexa fixo grandes esforzos ó longo da historia por facer desaparecer as manifestacións pagás ou, no peor dos casos, asimilalas, polo que sería difícil marcar fronteiras entre unhas e outras. A maiorías das danzas báilanse cun utensilio que levou tradicionalmente a clasificalas como “de arcos, espadas, paos...”, pero non podemos deixarnos enganar por este aspecto que pode chegar a facer emparentar danzas que non teñen nada que ver entre sí só polo feito de que se bailen co mesmo utensilio. Atendendo ó exemplo dado, a “danza de Mareantes” de Betanzos<sup>2</sup> non podemos confundila ou metela no mesmo saco que outras só polo feito de bailaren os cofrades cun arco.

No que se refire ós bailes, como dicimos non ensaiados ou predeterminados, podemos aternos á tradición de clasificalos en soltos e agarrados. Dentro dos bailes soltos, ou aqueles nos que as parellas bailan separadas e en espello (aínda que non sempre) podemos facer unha división entre bailes de ritmos binarios: muíñeira en todas as súas variantes como ribeirana, punteada, carballeira... e os bailes de ritmos ternarios: xotas, maneos, fandangos... O estudo definitivo destes bailes e a súa clasificación está por facer xa que moitas veces se confunden feitos como o de bailar



en roda (tradición de lugares como Ancares ou Bierzo como posibilidade coreográfica dominante, ou comarca de Avión, onde se bailaba en roda cando eran moitas parellas a bailar para posibilitar a visión dos puntos por todos os partici-



Foto: Pedro Ferrer

1 Desde traballos como o de Casto Sampedro “Cancioneiro Musical de Galicia” e todos os baseados neste, como “A danza dos mareantes” (revista *O Apupo*), a traballos máis actuais como o de Albán Laxe “O saber do pobo”, entre calquera outro traballo que aborde o tema ó que podamos ter acceso.

2 Descrita no artigo xa mencionado da revista “*O Apupo*” nº 4.

pantes do baile) cun modelo de baile concreto, confundindo desta forma coreografía con modalidade rítmica. Dentro dos ritmos agarrados, algún deles de incursión moi recente no sistema galego, podemos distinguir: pasodobres, vales, polcas, mazurkas, dous pasos ou ciqui-chiquis, rumbas, tangos... Sen lugar a dúbida os bailes agarrados foron os que mellor sobreviviron o paso do tempo e o cambio de estrutura social de relación e diversión, pervivindo moito máis alá dos bailes soltos, que sufriron un retroceso total na súa manifestación social como forma de diversión e de relación.

No que atinxe ao sistema musical a situación é moito máis complexa, xa que para unha boa clasificación compre misturar criterios musicais e de funcionalidade<sup>3</sup> en distintos niveis para clasificar e expoñer con claridade todo o abano de ritmos e manifestacións musicais en Galicia. No referente aos cantos é inevitable citar o estudio máis serio feito ata o momento : “Cancioneiro Popular Galego” das mans de Dorothe Schubarth e Antón Santamarina. Se temos tamén en conta outras formas musicais teremos que facer unha primeira clasificación entre músicas litúrxico-relixiosas e lúdicas. Entre as primeiras podemos encontrar marchas procesionais (de ritmos binarios e ternarios), himnos, marchas militares, faxinas, oracións<sup>4</sup>, cantos de Reis, cantos de Nadal... Entre as variantes lúdicas faremos unha clasificación usando un criterio sobre a súa funcionalidade. Este terreo é un pouco problemático xa que os que vivimos neste mundo do folclore estamos moi acostumbrados a escoitar “Cantos de sega, de seitura, de vendimia, de arrollo...” pero debemos ser cautos con estas clasificacións gratuítas que poden levar a confusión. Sen

dúbida, se seguimos un criterio funcional debemos distinguir os tipos de melodía (xa que a veces o rítmico non é suficiente) que realmente cumpren unha función concreta e que están destinados a esa tarefa e non deixarnos levar por que un canto fose interpretado en determinada situación sen ter en conta se está ligado ou non a esa tarefa. Un exemplo moi claro pode levarnos a clarificar este asunto: que unha nai teña un canto de arrollo concreto que cumpre esa función, pola súa monotonía melódica ou polo ton, que é adormece-lo neno, non pode levarnos a pensar que calquera muiñeira ou outro tipo de canto sexa un canto de arrollo a pesar de que a nai llo cante ao neno para adormecelo (independentemente de que se execute cunha copla que fale de “nenos pequenos” ou de “adormecer”).<sup>5</sup> Toda esta clase de cantos podemos encontralos en: cantos de labor como os pedreiros e canteiros (cunhas características rítmicas concretas que axudaban a marcar o ritmo do traballo), cantos de seitura e sega, cantos de arrollo, cantos de aviso, como o das seitureiras<sup>6</sup> ou o dos arrieiros, marchas de casamento, xogos infantís e de aprendizaxe, cantos de cegos e romances ... e todo tipo de músicas que puntualmente se podían desenvolver cunha función concreta.

Dentro dos ritmos lúdicos poderíamos facer unha pasada por tódolos bailes, e apesar de que ás veces é o xeito de bailar o que establece a diferenza entre un e outro, non se lle poden negar características propias a cada ritmo. Polo tanto encontraremos o seguinte inventario: muiñeiras, ribeiranas, muiñeiras punteadas, carballesas, xotas, maneos, fandangos, pasodobres, danzas, vales, polcas, mazurcas... e toda aquela manifestación ligada a un baile. Dentro dos ritmos, por así chamarlles, non bailables hai un auténtico

3 Deixamos de lado bailes como a regueifa que son puramente funcionais e que merecen un estudio máis concreto e a fondo.

4 Bó exemplo de manifestacións tradicionais plenamente galegas para as oracións atopámolas no traballo de Pallamallada *Cableiriña das Bouzas*.

5 Sobre este tipo de cantos remitímonos ao xa citado e outros publicados polo colectivo Pallamallada que nos presentan mostras de cantos de arrollo, de canteiros, de arrieiro... e documentación variada sobre os mesmos nun traballo serio e exhaustivo.

6 Que cos seus cantos avisaban da súa chegada en grupo a un lugar para que se achegasen contratantes a facer tratos con elas.

7 Tendo en conta o xa dito sobre a funcionalidade dos cantos, pero hai que anotar esta distinción xa que é a que imos atopar en numerosos traballos.

8 Nos tempos modernos xa non é raro escoitar todo tipo de ritmos lentos de importación como *jigas*, *reel*... ou incluso chegando a ritmos de *jazz*, *boogi*...

rosario de músicas que poderemos clasificar entre: Cantos (de andar camiño, de sega, de malla<sup>7</sup>, de taberna...), alboradas, e todo tipo de composicións modernas nas que a man do autor pode compondor todo tipo de melodías<sup>8</sup>.

Despois deste repaso por todo o repertorio tradicional galego de manifestación folclórica debemos mirar en que forma se manifesta dentro da cultura mariñeira, ou incluso reflexionar sobre se, efectivamente, existe unha cultura folclórica mariñeira. Se temos en conta que o sistema cultural folclórico de Galicia non responde a patróns definidos de forma unificada (a pesar de que en tempos da “Sección Femenina” se comportou dun xeito, mais ou menos, uniforme como expresión “rexional” ) e que para falar de folclore debemos facelo en termos “dialectolóxicos”, é dicir, a través dunha distinción xeográfica, si é certo que o sistema na costa se manifestou dunha forma propia ben diferenciada da Galicia interior, pero non podemos pensar que foi uniforme en toda a costa, e cada subsistema ten unhas características propias. O feito de que sexa o folclore da costa galega ou mariñeiro case se pode dicir que é inseparable polas propias características da sociedade galega. Se ben é certo que a sociedade galega foi unha esponxa que adoptou e asimilou, dándolle características propias, canto ritmo alleo se lle puxo a man, non é de extrañar que dentro da cultura mariñeira o nivel de asimilación de ritmos que chegaban doutros lugares a través das grandes rutas marítimas fose grande. Deste modo, o *bolero* e o *tango*, por poñer exemplos extravagantes, non tardaron moito en asimilarse ós cantos de taberna e ás pandeiretadas das franxas costeiras, ou mesmo, máis modernamente, as *rancheras*, a través da radio. O modo de comportarse non sempre foi unificado, pois non menos mariñeira é a vida da costa bergantiñá que baila maneos que non teñen nada que ver cos bailes das Rías Baixas, por pór un exemplo; ou a instrumentación da Mariña luguesa, onde proliferan os diatónicos ó lado dos cuartetos de gaitas típicos das rías, onde os cantos a voces imitaban ós sons que, necesariamente, facían varias gaitas ó tocar xuntas. Non menos estudio merecen as danzas gremiais ou de



Mariñeiros galegos e vascos nun barco de cabotaxe de Foz.  
1930 c.a.

cofradías, que tanto desenvolvemento tiveron en toda a costa galega.

É de concluír que en todo o que respecta a este campo da música tradicional, e a pesar do que se poda pensar, os estudos feitos son o inicio do que por xustiza ten que vir, xa que aínda está todo por estudar para que cheguemos a comprender como funcionaba cada subsistema. Pouco ten que ver isto coa visión parcial que o alumno de grupo de baile pode ter, preocupado por sacar un baile ó ano; ou o mestre, preocupado por buscar o máis característico, extraño ou extravagante dun lugar concreto para marcar diferencias. Unha visión global e multidireccional é o que nos levará á comprensión do folclore en toda a súa complexidade, en especial o de zonas tan olvidadas como a costa onde o seu folclore se perde a ritmo acelerado.

Espero que esta pequena aproximación lle valera ao lector para facerse unha idea xeral do que é o mundo da música e do baile tradicional e de como está estruturado, así como para ver que, a pesar de todo o que hai feito no campo do estudo e da análise deste feito cultural, aínda non podemos consideralo definitivo, nin siquera empezado. É de obriga, polo tanto, apoiar o labor dos grupos de folclore tradicional que seguen a se molestar por aprender e a esforzarse para que a maior masa de poboación posible poida coñecer e desfrutar do que é seu: o folclore. Só bailando chegaremos a coñecer o baile.

## A SOCIABILIDADE MARIÑEIRA:

ASOCIACIONISMO E DISTRIBUCIÓN DO PRODUCTO DA PESCA NA BEIRAMAR GALEGA

Dionisio Pereira

Canzón dos traíñeiros de Laxe:

“¡Ala panos, peneireiro,  
ala panos, Manuel  
ala panos, peneireiro  
ala panos, eu tamén  
¡Ei!...¡raina!...¡Ei!...¡raina!”  
("Alando a traíña",  
Antón Zapata García, 1927)



¡Jesús y adentro!  
(Oleo de Pérez del Camino).  
Museo de Bellas Artes de Santander

*La sociabilité des pêcheurs s'est exprimée sur la côte galicienne de plusieurs façons au long du temps: les compagnies, c'est à dire des groupes des marins pour accomplir les tâches de la pêche, les syndicats sans oublier les corporations médiévales. La répartition du produit fondée sur le système des "partillas", est aussi une autre manifestation de cette sociabilité, car elle entraîne de même une mise en commun des moyens de production et une responsabilité partagée entre armateur et compagnons.*

O hábito dos pescadores de se xuntar para realizar as labores no mar, duras e inseguras de seu, pérdese no noso país na brétema dos tempos. Como xa se ven apuntando nalgúns traballos recentes, a compañía como exemplo de organización laboral colectiva, onde barco, aparellos e traballo son postos en común, é anterior aos Gremios medievais e ten chegado ata hoxe. Canda ela, veu tamén a maneira especial de retribuír ao traballo e ao capital copartícipes nas faenas pesqueiras doutroa e moitas das de hoxendía: o sistema á parte, tamén chamado aparcería marítima, no que se comparten os beneficios de xeito proporcional ás capturas. Este sistema, que algúns acreditan da súa orixe romana ou altomedieval, vaíse alternar até os comezos do século XX con outro non menos antergo e propio dos volanteiros de A Guarda, Porto do Son ou A Pobra, que ían á pescada no alto: na vila guardesa, por exemplo, cada mariñeiro aportaba certo número de pezas para formar a cacea e percibía o produto da pesca



enmallada no seu "quiñón", logo de separar unha pescada de cada sete para o barco <sup>(1)</sup>.

As compañías ou compañías, como agrupamentos organizados de individuos para o quefacer colectivo das faenas pesqueiras, se cadra estiveron na orixe dos Gremios de Mareantes que inzaron a nosa beiramar entre os séculos XIII e XIX, baixo diversas advocacións do santoral católico: Pontevedra, coa súa potente Confraría do Corpo Santo que chegou a xuntar máis de 2.000 mariñeiros da vila do Teucro e localidades viciñas, Baiona, Muros, Betanzos, A Coruña, Noia, Porto do Son, Redondela ou Cangas, albergaron aquelas organizacións relixioso-laborais que ordenaron a pesca marítima, mesturando xerarquía e monopolio, a carón do espírito comunitario e o carácter benéfico-asistencial.

O Gremio, como marco profesional forte e coesionado que foi, vai permitir autoxes-tionar os recursos por parte dos pescadores, posibilitando, previa a conformación de compañías no seu seo, o emprego de grandes artes do cerco (chamadas cercos reais ou traíñas) no interior das rías para fornecer de sardiña ás nacentes urbes medievais. Aqueles grandes aparellos, que pola súa complexidade eran pouco acaídos para a apropiación individual, precisaban entre 40 e 100 homes, un trincado e varias lanchas

auxiliares; ademais, eran artes compostas onde cada mariñeiro aportaba panos de rede propios para a conformación do conxunto, segundo as súas posibilidades.

Do traballo en común non derivaba, porén, igualitarismo no reparto, pois á hora de distribuír os beneficios segundo as capturas (logo de descontar os numerosos gravames feudais, claro está) non era o mesmo ser o amo do trincado que ter un mísero quiñón de rede; esa mesma desigualdade, reflectíase logo na propia estrutura do Gremio, pois os vigairos, procuradores e atalieiros rectores do mesmo, sempre se escolían entre os mariñei-



Palmeando o aparello do cerco. Malpica. Anos 50.

ros acomodados. En realidade, as coñecidas Ordenanzas de pesca gremiais, non facían outra cousa que reflectir o monopolio dos grandes cercos e dos mariñeiros ricos, respecto dos pescadores pobres que, decote, empregaban artes máis selectivas. Lonxe, pois, da nosa intención transmi-

1. Este sistema foi evolucionando no tempo mesturándose co das partillas, de xeito que, no devalo do século XIX, os mariñeiros que andaban coas volantas collían para si a metade do que pescaban as pezas da súa propiedade, mentres que a outra metade dividíase a partes iguais entre todos, agás o patrón que levantaba unha parte e media, e a lancha, á que lle correspondían dúas partes. Ademais, o armador gozaba do privilexio de poñer máis pezas propias na sociedade. Posteriormente, xa no século XX, algúns volanteiros de A Guarda empregaron integramente o sistema á parte, logo de deducir os gastos comúns do produto total da pesca, tamén chamado "monte maior". Do antigo sistema aínda ficaban algúns rescaldos, posto que os mariñeiros guardeses que andaban polos anos 80 e 90 do século XX nas costas africanas á langosta e ó lumbri-gante cos tramallos, ou á pescada coas volantas, seguían co vello hábito de aportar á compañía pezas da súa propiedade.

tir unha visión idílica daquela "cristiana y equitativa economía comunal de los cercos" gremiais, segundo a erudita, ao tempo que interesada, pluma de José Filgueira Valverde.

O sentido comunitario daquelas pescas manifestábase, non obstante, tanto no xeralizado hábito de adicarlle un lance ou un quiñón á divindade de culto local (algo que ten chegado xusto á alborada do século XX, tempo en que os ventos laicos arrombaron esta práctica), como na atención benéfica aos avatares da dura existencia dos traballadores do mar e das súas familias: dende o quiñón das viúvas propio dos volanteiros de A

### O individualismo nas pesquerías

A desfeita das grandes empresas comunitarias de pesca mediado o século XVII, axexadas pola perda de mercados provocada polas guerras, a división interna nos Gremios ou, nos casos pontevedrés e noiés, pola progresiva colmatación dos fondos das rías, precede nun século á creba do edificio gremial acontecida tras a chegada dos cataláns á beiramar galega. Ao abeiro da recién estreada liberdade de pesca superadora do monopolio gremial, contando con novas artes máis intensivas e depredadoras (a xábega, alcumada "parede de arrastre", o bou e o palangre) e con métodos de

salga máis rendibles, aqueles mariñeiros tocados de barreto e fala descoñecida que zafaban de xeito tan notorio ás obrigas da Matrícula e ao arrenegado pago dos décimos da pesca ao clero, fixéronse nun viravira non só coas factorías de salgazón dende Foz ate Baiona, máis tamén con lanchas, aparellos e barcos de transporte. Canda estas novidades, trouxeron unha práctica máis



Parellas de arrastre. Bouzas. Anos 20.

Guarda e as lanchas de Póvoa de Varzim, onde a peza do compañeiro falecido seguía a pescar para os seus ata que rachara, até os quiñóns que se separaban en múltiples portos da xurisdicción do Gremio pontevedrés para axudar a enfermos, orfos, ou posibilitar un enterro digno. Tamén, cando no século XVIII os mariñeiros tiveron que se inscribir na Matrícula de Mar e poñerse ao servizo da Armada dende os 14 aos 60 anos, algúns Gremios como o de Corcubión devengaron axudas "sine die" para os que ían servir a El-Rei, a costa dos seus achegados e da boa marcha das compañías.

individualista da pesca, apoiada inequivocamente no lucro e no espírito mercantil, polo que moitos mariñeiros se converteron en asalariados, mentres as novas empresas obviaron os custos do sistema de solidariedade e beneficencia propio de Gremios e compañías. Entre os séculos XVIII e XIX, nas costeiras da sardiña atendidas polas xábegas nas Rías Baixas ou polos traíñóns na Mariña luguesa, a retribución imperante foi o xornal diferenciado entre patróns e compañeiros, sen rexeitar os fomentadores a contratación de "terrestres" para reducir aínda máis os xornais e maximizar os beneficios producidos por aquelas inmensas

caladas de sardiña<sup>(2)</sup>. Tamén moitas lanchas xeiteiras pasaron a propiedade dos fomentadores, indo os seus tripulantes a xornal; outras, non obstante, continuaron nas mans dos mariñeiros do país, alcumados "patrianos". Nelas, mantívose o espírito das vellas compañías, partíndose na Ría de Arousa a metade das capturas para o barco e a outra metade para os tripulantes<sup>(3)</sup>; nesta pesca familiar cun aquel comunitario, seguíuse a aplicar un criterio solidario no recrutamento dos tripulantes, de maneira que decote embarcábase xente de máis para que todo o mundo puidera levantar o seu quiñón, un costume propio da pesca artesanal do noso país até hai ben pouco.

A recuperación dos medios de produción por parte dos patrianos tras a crise padecida pola industria salgadeira na primeira metade do século XIX, non impediu o esfarelamento do asociacionismo mariñeiro representado polos Gremios, desartellados por Lei a partir de 1864. Voltaron, eso si, os sistemas de retribución baseados na aparcería marítima, que tomou ata o día de hoxe múltiples variantes segundo os portos e as artes empregadas. O baleiro producido pola desaparición dos Gremios, levou de seu un agravamento das condicións de vida e de traballo dos mariñeiros no devalo do século devandito, polo que voces provenientes da Igrexa Católica denunciaron a indefensión dos pescadores e alentaron algunhas asociacións confesionais que recolleron da extinta institución gremial a faciana benéfica, que ningún cubría. O mellor exemplo atopámolo na "Asociación Cambadesa de Marineros", artellada en 1894 por Alfredo Brañas; esta entidade, pioneira do asociacionismo mixto<sup>(4)</sup> na beiramar galega, abriu camiño a outros moitos colectivos nos que o xorne mutualista e cooperativo vai estar afastado



"Compañía" de Malpica a plan de sardiña. 1960 c.a.

da faciana productiva, atendida en diante polas persistentes compañías ou agrupamentos para as faenas de pesca adicadas a elas en exclusiva, ou polas empresas capitalistas.

2.No Cantábrico, caso de Viveiro e Cariño, ademáis do xornal percibido ao remate da costeira, os mariñeiros tiñan dereito a "cayaxe", que consistía nun tanto por cento da pesca (a comezos do século XX era o 20% no porto cariñense) a repartir entre todos a diario. Deses porcentaxes, os mestres percibían dous quiñóns, os patróns quiñón e medio e os compañeiros un quiñón cada un.

3. Neste caso, o patrón levantaba quincenalmente quiñón e medio, por un quiñón o resto dos compañeiros e un cuartón o rapaz. Ademáis, mediado o século XIX, introducíuse o hábito de dar un cento de sardiñas a cada tripulante cada vez que o lance superaba os dous milleiros. Velaí o xérmolo do "changü".

4. Quer dicir, composto tanto por armadores como por mariñeiros, aínda que neste caso habería que engadir aos cregos.

## Da pesca artesanal ao capitalismo pesqueiro de anteguerra

O asociacionismo mariñeiro desenvolto no primeiro terzo do século XX vai progresar nun panorama cambiante canto ás actividades pesqueiras. Daquela, os pescadores galegos pasan de faenar estacionalmente a poucas millas da costa procurando maiormente sardiña ou pescada, a bordo de pequenas embarcacións de remo ou vela de propiedade familiar, a tripular un mundo de vapores e motoras pertencente a armadores en boa medida afastados do traballo no mar, que frecuentaban caladoiros distantes e atendían mediante a introducción de novas e intensivas artes de pesca (cerco xareta, parellas de arrastre), tanto as crecentes necesidades urbanas dun consumo masivo de peixe, como unha florecente industria conserveira que, na Ría de Vigo, multiplicara por 12 as súas vendas no intervalo comprendido entre os anos 1894 e 1929. Estamos, pois, na transición dunha pesca artesanal a un modelo de capitalismo pesqueiro, que volve a introducir o xornal nos vapores arrastreiros como expresión dunhas relacións laborais nos barcos a cada máis antagónicas.

Neste contexto, en 1899 vaise producir a primeira folga importante por cuestións laborais nos vapores palangreiros do Berbés, en Vigo. E no mesmo ano constitúense as primeiras sociedades de resistencia, compostas unicamente por mariñeiros (ou sexa, de clase): a "Sociedad de Marineros Pescadores" de O Berbés, e a "Sociedad de Obreros Pescadores" de Bouzas, vencelladas ao socialismo vigués e á UGT. Sen tardanza, atopan resposta patronal na constitución da "Sociedad de Armadores `La Marítima'", igualmente de Bouzas. Escomeza eiquí unha intensa loita de clases no mar, desenvolvida até a Guerra Civil en torno a reivindicacións como o descanso semanal, suba de xornais, retribución das tarefas de terra, subsidio de enfermidade, medidas de seguridade no mar e control das contratacións; na etapa republicana o enfrontamento

tivo lugar entre a potente "Federación Regional de Industria Pesquera" (CNT), que integrou máis de 17.000 mariñeiros en medio centenar de portos, e a non menos afouta Patronal pesqueira. A mobilización da devandita Federación contra o paro, acrescentado durante a IIª República no sector, amosou ben ás claras como as vellas prácticas solidarias propias da pesca artesanal ficaban ben lonxe das expectativas daquela flamante burguesía pesqueira, que procuraba reducir as dotacións dos vapores retribuídas a xornal, para reducir custos, maximizar beneficios e amortizar grandes investimentos canto antes.

Así mesmo, entre 1897 e 1905, estoupa a chamada "guerra das traíñas" en boa parte do litoral, a consecuencia da introducción favorecida polos conserveiros dos cercos xareta, aparellos moito máis intensivos nas súas capturas de sardiña que os tradicionais xeitos. Pois ben, a conflitividade desatada entre traíñeiros (chamados así porque os cercos largábanse dende as veloces traíñeiras, arribadas dende o Cantábrico) e xeiteiros, incentivou a organización mariñeira en moitos portos para defender o oficio do xeito. Daquela, entre 1899 e 1902, constituíronse tan só na provincia de Pontevedra 42 sociedades de carácter mixto, que integraban tanto a patróns como a tripulantes retribuídos polo sistema das "partillas", perseguindo aqueles colectivos unha finalidade mutualista e de melloramento do conxunto dos pescadores. A partir de 1905, a constitución de compañías de pesca entre os patróns das traíñeiras, alentadas pola demanda e o crédito dos industriais conserveiros, favoreceu a expansión das devanditas embarcacións, primeiro, e das motoras propulsadas por motores de explosión, despois. Respecto da distribución das capturas entre os pescadores da sardiña, á altura da terceira década do século XX, o sistema de aparcería marítima viña sendo tanto máis favorable aos armadores, canto maior fose o barco e máis importante o investimento<sup>(5)</sup>; esta circunstancia, unida ao feito

---

5. Véxanse como exemplo as bases asinadas en 1916 no porto de Ribeira que, logo de deducir os gastos comúns do "monte maior", daban para os motores menores de 17 metros que ían ao "caldeo", unha distribución de 30 partes para o armador e 20 para os tripulantes; para os barcos maiores de 17 metros de eslora que traballaban a "ardora", daban 32 aos armadores e 20 aos compañeiros; e como por último, os vapores máis grandes que pescaban nas augas portuguesas partían semanalmente 38 por 20 ("Galicia Nueva", Vilagarcía, 1/10/1916). No caso dos patróns, estes poderían recibir ata 3 quiñóns, aportados algúns deles polo armador. Ademais, os tripulantes ao completo repartíanse diariamente como "changüi" unha cesta de sardiña por cada 10 alixadas, mentres a "baixada" consistía en que a primeira cesta de sardiña pescada era tamén para a tripulación.

de que os armadores pretenderan ao longo do tempo descontar as innovacións introducidas nos barcos (as primeiras maquiñías para virar aqueles pesados aparellos, por exemplo, ou os haladores dos palangreiros, máis tarde) das partes dos tripulantes, ou racanear no pago dos engorrosos traballos en terra, provocou que moitas daquelas sociedades mixtas se foran transformando en verdadeiras sociedades de resistencia, afiliadas ás grandes centrais obreiras do período.

Por último, o temor á extensión do sindicalismo de clase no mundo do mar estivo detrás do artellamento dos Pósitos Pescadores, nos anos posteriores á Iª Guerra Mundial. Inspirados nas Confrarías dos Gremios do Antigo Réxime e de carácter mixto, eran asociacións corporativas con certas reminiscencias mussolinianas, que aspiraban á mellora do colectivo pesqueiro mediante os socorros mutuos, a extensión cultural e o acceso ao crédito. Financiados en parte pola Administración e organizados de vez polas autoridades de Mariña e as "forzas vivas" das vilas mariñeiras, procuraron conciliar os intereses de armadores e mariñeiros, afastando a estes dos sindicatos de clase. O primeiro Pósito do Estado español funcionou a partir de Nadal de 1917 en Cambados, extendéndose logo baixo protección da Ditadura de Primo de Rivera por toda a beiramar. Á chegada da República, estaba constituída unha "Federación Gallega de Pósitos", con medio centenar deles adheridos.

### Coda actual

Dende a Guerra Civil ata hoxe, moitas cousas teñen mudado; entre elas a destrución do asociacionismo mariñeiro de clase pola barbarie represiva do franquismo, que o substituíu polo modelo tutelado, corporativo e autoritario representado polas Confrarías de Pescadores, herdeiras ata hai ben pouco das peores cualidades dos Pósitos. De calquera xeito, eivadas a cada máis da súa faciana mutualista polo progresivo protagonismo do Estado canto á protección social, hoxen-

día as Confrarías proxectan unha visión contradictona, de luces (como alicerces que son do ordenamento pesqueiro, ou como catalizadoras que foron moitas delas dos esforzos e vontades da clase mariñeira, cando os malfadados días da maré negra do "Prestige") e sombras (como soporte de cacicadas e clientelismos políticos ao uso), que compre democratizar e dotar de contido societario.

Tamén ten chegado ata nós o sistema das partillas, como axeitada maneira de adaptar a distribución do produto á incerteza nos prezos e nas capturas (compártense tanto as boas pescas como as malas rachas), mesmo dentro dun modo de produción totalmente orientado ao mercado. Este tipo de retribución segue a ser o único empregado na pesca costeira, máis tamén en moitos barcos da altura, caso dos palangreiros que van ao Grand Sole en mareas de 18 días<sup>6</sup>; neste segmento de flota a súa virtualidade desperta non poucas opinións encontradas, debido ás dificultades que teñen os tripulantes para exercer un control efectivo tanto dos gastos "comúns" como das vendas en lonxa, o que redonda nunha menor transparencia do sistema respecto da pesca de baixura. Tampouco eiquí faltan problemas, pois a carestía de capturas, o incremento no prezo dos carburantes, e a esixencia de seguros sociais, está a xustificar o traslado de gastos antes asumidos polos



Caldeirada no porto da Coruña. Anos 50.

6. En Celeiro, por exemplo, parten por marea 58 para o armador e 42 para os tripulantes. Eiquí hai unha tendencia a mesturar as "partillas" con algún tipo de retribución fixa, caso da "chona" propia dos palangreiros daquel porto ou de Fisterra. A "chona" ven sendo unha pequena cantidade de diñeiro ou en especie, atribuída diariamente a cada tripulante polo mero feito de saír a pescar.

armadores aos gastos comúns, provocando a redución das partes dos tripulantes e o abandono das actividades pesqueiras de moitos deles.

Ao cabo, as compañías seguen tendo bó acomodo no Mar dos Galegos; lembremos senón a que artellaron os pincheiros de Muxía nos anos 70 do século pasado para racionalizar as pescas no Cantil, controlando e igualando o número de palangres e repartindo en lonxa as capturas de toda a flota en cupos idénticos para cada barco.

Ou as que artellan a día de hoxe os patróns do cerco de Cambados, para se transmitir información encol dos bancos da sardiña e compartir os lances que superan os topes marcados pola Administración.

Por conseguinte, a sociabilidade mariñeira coas súas múltiples facianas, belixerantes todas elas co extendido sambenito do individualismo dos pescadores, aínda non pronunciou a súa derradeira palabra.



R. Dimas

## ***PINTORES DO MAR: EDUARDO BAAMONDE***

O logotipo que figura na parte superior de cada páxina desta revista é unha criación do pintor vilalbés-cambadés Eduardo Baamonde.

Nacido en Vilalba (Lugo) no 1962, cursou estudos de Historia da Arte, Museoloxía e de Artes e Oficios en Santiago de Compostela. Dende 1988 exerce como profesor de Debuxo no Ensino Medio, con destino na actualidade no Instituto de Bacharelato de Vilalonga (Sanxenxo).

Comezou a criar imaxes e expoñer a principios dos oitenta e dende entón leva máis de 50 exposicións, lucen murais da súa autoría en edificios públicos e privados e gañou numerosos premios.

A súa obra máis recente xira en torno ao mundo do mar e reflicte a preocupación do artista pola morte e esquecemento dese mundo.

Reproducimos nestas páxinas algunhas destas obras, que son, sen dúbida, *cultura marítima*.

### ***Peintres du Mar: Eduardo Baamonde***

*Né à Vilalba (Lugo) en 1962, il a fait des études d'Histoire de l'Art, Muséologie et d'arts et métiers à Saint Jacques de Compostelle. Depuis 1988 il travaille en tant que professeur de dessin dans l'enseignement secondaire et est affecté actuellement au Lycée de Vilalonga.*



**MARES  
EPICROMÁTICOS**

116 x 89  
Acrílico sobre lenzo



**BARCOS  
DE TRAGOVE, Nº 2**

92 x 65  
Acrílico sobre lenzo



**RESTOS DE  
BEIRAMAR**

100 x 65  
Acrílico sobre lenzo





ARDENTIA



PONTE DO "CHATA" DE CMBADOS



83 x 60  
Acrílico sobre táboa

# PUBLICACIONES DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL

Estes son algúns exemplos das publicacións da FGCMF. Algunhas están esgotadas pero outras aínda están en distribución.

Para maior información sobre as nosas publicacións, para contratar publicidade e para subscribirse a "ARDENTIA" dirixirse a:

[fgcmf-ardentia@mixmail.com](mailto:fgcmf-ardentia@mixmail.com)



## A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL ESTÁ FORMADA POR :

ASOCIACIÓN	ENDEREZO
CRAC Coruxo	Estrada de Camposacos nº 226. Barrio Taroño. Coruxo. 36330. Vigo.
Real Cofradía da Dorna de Ribeira	Rúa 9 de Agosto, 42, 2º. 15960 Ribeira. A Coruña.
Amigos da Dorna Meca	Avda. Hermanos Otero Goday, nº 13. 36980. O Grove. Pontevedra.
A. de Embarcacións Tradicionais "O Galos"	Avda. de Montero Ríos 187. 36930. Bueu. Pontevedra.
Asociación "As Joritas"	Confraría de Pescadores San Antonio. Rúa Nova. 36630. Cambados. Pontevedra.
Clube do Mar de Ferrol	Caleixón do Curro nº1. 15401. Ferrol.
Grupo Etnográfico Mascato	Centro Sociocultural "A Merced". Avda. da Coruña s/n. 36630. Cambados. Pontevedra.
Asoc. de Gameleiros Asodiña	R/ Marqués de Valladares, nº 15, 5º. Oficina 10. 36201. Vigo.
Asoc. de Mariñeiros "San Miguel" de Bouzas	Paseo Marítimo Paz Andrade nº1. 36208. Bouzas. Vigo.
Asociación SODINÁUTICA	R/ Marqués de Valladares, nº 23, 5º. Oficina 10. 36.201. Vigo.
Asociación de Veciños "Boureante"	R/ Fernández de la Mora, nº 24 A. 36995. Poio. Pontevedra.
Clube Mariño "A Reiboia"	Catro Camiños. Avda. da Seca, nº 17. 36994. Poio. Pontevedra.
R.C.N. de Sangenjo	Porto de Sanxenxo. 36960. Sanxenxo. Pontevedra.
Asociación "A Rabandeira" de Vilanova	Apto. Correos 58. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.
Amigos da Dorna de Portonovo	R/ Ramón Valenczuela, nº 6. 36970. Portonovo. Pontevedra.
Clube Mariño Salnés	R/ Pontevedra nº 5, 2º B. 36630. Cambados. Pontevedra.
Asociación "Barcas do Minho"	Vilar, 6. Vilela. 27596. Taboada. Lugo.
Asociación "Canle" de Lira	Lira, Carnota. A Coruña.
Asoc. "A Figueirinha". Lanchas do Sil	R/ Marcelino Suárez nº 35, 4º esq. 32300. O Barco de Valdeorras. Ourense.
Asoc. "Mar de Pedra"	Praza do Progreso nº 2, 2º. 36940. Cangas. Pontevedra.
Club Náutico de Redes	Rúa Nova s/n. Redes. Ares. A Coruña.
Asoc. "Rompetimóns" de Carril	Casa da Cultura. Carril. 36610. Vilagarcía de Arousa. Pontevedra.
Asoc. "Barcos do Norte" de Viana do Castelo	Rua Bouça Longa, nº 637. 4900-204. Meadela. Portugal.
Amigos das Embarcacións Tradicionais da Coruña	R/ San Juan, nº 9, baixo.15001. A Coruña.
Asociación "Mar de Noia"	R/ Ramón Alvarez de la Braña, portal 1, 4º A. 15.200. Noia. A Coruña.
Asociación "Mar de Muros"	Solleiros. Esteiro. Muros, A Coruña.
Asociación "Sueste"	Ramón Cabanillas, nº 200. 36950 . Moaña. Pontevedra.
Escola Obradoiro "Mar de Vigo" II	Estrada do Bao 151. Coruxo. 36331. Vigo.
Asociación "Esteirana"	Artón 10. Esteiro. 15240. A Coruña.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS

